UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Traballo de Fin de Grao

AS OPORTUNIDADES DA ESCOLA RURAL. UNHA ESCOLA INCLUSIVA

Lucía Varela Rodríguez

Xuño 2022

Traballo de Fin de Grao presentado na (Facultade de Ciencias da Educación) da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Mestre/a de Educación Primaria

AS OPORTUNIDADES DA ESCOLA RURAL. UNHA ESCOLA INCLUSIVA

LAS OPORTUNIDADES DE LA ESCUELA RURAL. UNA ESCUELA INCLUSIVA

THE OPPORTUNITIES OF RURAL SCHOOLS. AN INCLUSIVE SCHOOL

RESUMO

A escola rural hoxe en día evoca unha serie de ideas e preconcepcións que adoitan ser negativas. Isto vén dado pola estigma social que se da do medio rural en xeral debido ao discurso público en tanto que, atrasado e falto de recursos, integrando dita escola como parte deste. Desta forma, considérase á escola rural atrasada e de menor calidade, carente de estímulos que complementen o desenvolvemento dos/as nenos/as en comparación por exemplo coas da urbe que se alzan en maior medida por estar situadas nun contexto máis notorio e cheo de servizos.

Sen embargo esta conta con achegas significativas para unha educación de calidade inclusiva por elementos como pode ser a conexión da contorna e da sociedade coa comunidade educativa, a relación entre familia e escola e as aulas multigrao que implican que o profesorado está habituado a traballar nunha situación de diversidade potenciando unha educación inclusiva entre outras.

Debido a isto, proponse unha intervención pedagóxica (vinculada cun Museo Etnográfico que xa fai un aproveitamento do medio rural) que reúna á inclusión cunha serie de características que a escola rural pode ofrecer, obtendo así un proxecto que fomente a aprendizaxe inclusiva nun contexto distinto ao da aula ordinaria.

Palabras chave: rural, escola, inclusión, diversidade, contorna.

RESUMEN

La escuela rural hoy en día evoca una serie de ideas y preconcepciones que suelen ser negativas. Esto viene dado por la estigmatización social que se da del medio rural en general a consecuencia del discurso público en tanto que, atrasado y escaso de recursos, integrando dicha escuela como parte de este. De esta forma, se considera la escuela rural atrasada y de menos calidad, sin estímulos que complementen el desarrollo de los/as niños/as en comparación por ejemplo con las de la urbe que se alzan en mayor medida por estar situadas en un contexto más notorio y lleno de servicios.

Sin embargo, esta cuenta con contribuciones significativas para una educación de calidad inclusiva por elementos como puede ser la conexión del entorno y de la sociedad con la comunidad educativa, la relación entre familia y escuela y las aulas multigrado que implican que el profesorado está habituado a trabajar en una situación de diversidad potenciando una educación inclusiva entre otras.

Debido a esto, se propone una intervención pedagógica (vinculada con el Museo Etnográfico que ya hace un aprovechamiento del medio rural) que reúna la inclusión con una serie de características que la escuela rural puede ofrecer, obteniendo así un proyecto que fomente el aprendizaje inclusivo en un contexto distinto al del aula ordinaria.

Palabras clave: rural, escuela, inclusión, diversidad, entorno.

ABSTRACT

Rural schools nowadays evoke a number of ideas and preconceptions, often negative ones. This is due to the social stigma of the rural environment in general, due to the public belief, as lagging behind and lacking resources, intergrating these schools as part of it. Thus, rural schools are considered backward and of lower quality, lacking stimuli that complement the development of children compared to, for example, those in the city that rise to a greater extent because of being located in a more notorious context and full of services.

However, this has significant contributions to an inclusive quality education with elements such as the connection of the environment and society with the educational community, the relationship between family and school and multigrade classrooms that imply teachers being used to working in a situation of diversity, promoting an inclusive education among others.

Due to this, a pedagogical intervention is proposed (linked to an Ethnographic Museum that already makes use of the rural environment) that brings together the inclusion with a series of characteristics that the rural school can offer, thus obtaining a project that promotes inclusive learning in a context other than from the ordinary classroom.

Keywords: rural, school, inclusion, diversity, environment.

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1

2. MARCO TEÓRICO 2

2.1. DEFININDO TERMOS: MEDIO RURAL E ESCOLA RURAL 2

2.2. PROBLEMÁTICA DE PARTIDA 3

2.2.1. O ABANDONO DO RURAL 3

2.2.2. ESTIGMATIZACIÓN DO MEDIO RURAL 5

2.2.3. ESTIGMATIZACIÓN DA ESCOLA RURAL 6

2.3. OPORTUNIDADES EDUCATIVAS DA ESCOLA RURAL 7

2.4. A DIVERSIDADE NA EDUCACIÓN. A ESCOLA INCLUSIVA NO MEDIO RURAL 10

3. APROXIMACIÓN AO CONTEXTO 15

3.1. DESCRIPCIÓN DO CONTEXTO 15

3.1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO 16

3.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE INTERVENCIÓN 17

3.2.1. PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA E INFORMACIÓN CLAVE 17

3.2.2. RECURSOS DO CONTEXTO PARA LEVAR AO ÁMBITO EDUCATIVO 18

4. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN 21

4.1. XUSTIFICACIÓN 21

4.1.1. OBXECTIVOS 22

4.1.2. CONTIDOS 25

4.1.3. COMPETENCIAS CLAVE 25

4.1.4. METODOLOXÍA 26

4.1.5. DESEÑO DAS ACTIVIDADES 27

4.1.6. TEMPORALIZACIÓN 30

4.1.7. AVALIACIÓN 31

5. RESULTADOS DE AVALIACIÓN 32

6. CONCLUSIÓN 33

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS: 34

8. ANEXOS 39

1. INTRODUCIÓN

O medio rural tende a estar estigmatizado no discurso público (Amiguinho, 2011) e por parte das institucións e a propia sociedade posto que semella estar atrasado á época na que nos atopamos e falto de recursos que permitan proporcionar unha vida plena e completa, chea de posibilidades. Pola súa banda, a escola rural, ao formar parte deste medio, está tamén baixo esa mirada estigmatizadora que a considera atrasada e de menor calidade en comparación coas escolas que podemos atopar na cidade (Abós et al., 2020), sendo estas últimas moito máis inclusivas no que á diversidade de alumnado se refire podendo dar resposta ás necesidades que presentan.

Sen embargo, cabe destacar que a organización das escolas rurais ten unhas singularidades que poden ser aproveitadas favorablemente, polo que no presente traballo exponse unha achega acerca dos beneficios que a escola rural pode ofrecer, así como ás posibilidades que o medio no que esta se atopa ten, para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe co noso alumnado de maneira significativa, atendendo a aquel que presente NEE dunha forma moito máis inclusiva xa que a diversidade é un dereito ao que todos debemos chegar, tendo que ser todas as propostas educativas inclusivas. Entre estes podemos atopar a implicación da comunidade educativa, social e cultural en proxectos; a estreita relación que se adoita dar entre familia e escola; a relación diaria que se da co entorno; as posibilidades de desenvolvemento e aprendizaxe que ofrecen as aulas multigrao; etc. Así mesmo, estas vantaxes supoñen a posibilidade de crear unha escola inclusiva pola súa boa conexión co medio xa que permite traballar con estímulos de diferentes tipos; a multigraduación pon en bandexa unha espazo onde a diversidade persiste de forma diaria (Márquez, 2020) ao tempo que alumnado e profesorado se desenvolve nun ámbito onde se atenden a diferentes momento educativos e formas de aprender, etc.

Precisamente por estas razóns, a proposta sobre a que versará este traballo profundiza nas oportunidades que ofrece a escola rural integrando dentro da mesma o dereito a diversidade onde cada quen vive na súa singularidade, pois esta promove estímulos e situacións que son moi significativas no crecemento así como no desenvolvemento da persoa, ben sexa referida á etapa da infancia como da vida adulta. Por medio dunha proposta de intervención pedagóxica inclusiva ambientada no colexio do concello da Capela, exporase de forma práctica todo isto que se está a contar por medio dos recursos que esta contorna ofrece, pois pártese dunha necesidade recoñecida por medio dunha análise de observación e mesmo por parte da asociación colaboradora (Museo Etnográfico da Capela) onde a cohesión entre a escola e o contexto é fundamental. Os obxectivos a acadar con este traballo parten do estigma que se presenta do medio rural así como o dereito de garantir a diversidade e a

inclusión pois nesta tipoloxía de escolas, tal e como se verá máis adiante, non se valoriza realmente a importancia e as achegas que fan. Deste xeito buscarase promover unha cohesión entre escola e contexto que proporcione unha actividade inclusiva e interxeracional destacando eses elementos que aporta a escola rural.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. DEFININDO TERMOS: MEDIO RURAL E ESCOLA RURAL

Buscamos o que significa o termo "rural" por tratarse do contexto concreto sobre o cal se vai desenvolver todo este estudo. O dicionario da Real Academia Galega (s. d., definición 1) defíneo como "Relativo ou pertencente ao campo e á súa vida e manifestacións, por oposición á cidade" mais non quedemos só con estas verbas pois máis adiante darase unha definición máis completa.

O concepto de medio rural ten varias acepcións mais todas vinculadas á paisaxe, ao medio, ao espazo, ao territorio, ao desenvolvemento, etc. o que fai moi complexo poder dar unha definición exacta do que este termo ven a significar xa que presenta moita variedade. Isto non quere dicir que non se poida dar unha idea xeral que englobe certas características deste medio, pois doutra forma distinta á mencionada, podemos definir o medio rural tendo en conta o nivel de naturalidade do territorio. Isto quere dicir que namentres que nas cidades é case imposible observar e ver elementos naturais ou espazos orixinais, no rural a intervención humana é moderada respectando a natureza (Armas e Macía, 2017). Baseándonos no dito anteriormente, polo que respecta a este traballo consideraremos o medio rural aquel espazo onde a poboación mantén uns vínculos moi directos co medio natural por ser este predominante, ben sexa de forma agraria ou incluso persoal, atopándose a unha distancia considerable do que se coñece por ámbito urbano e onde a poboación comparte uns vínculos contextuais e sociais.

Hamodi (2014) expón a definición de zona rural en base a uns criterios que se deben ter en conta como son o criterio ocupacional que fai referencia ás prácticas da poboación vinculadas á agricultura e á gandaría; o criterio espacial que considera que o entorno rural é aquel que se atopa afastado, na gran maioría das veces, do ámbito urbano e por último o criterio cultural, que considera que os habitantes deste medio comparten certos aspectos culturais, sendo estes distintos dos que proveñen das persoas que viven na cidade. Se temos en conta a definición de rural podemos considerar que as características que citabamos previamente sobre o medio poden traspasarse de forma adaptada ao contexto educativo atopándonos así cunha escola que se relaciona co medio social, natural e cultural; compartindo uns vínculos comúns coa veciñanza do territorio.

Segundo Bernal (2009) temos unha serie de características que deben ser comúns nas escolas rurais: poucos nenos e nenas sendo moi heteroxéneos entre eles/as; elevada participación das familias no ámbito escolar; centros pequenos, etc. Son moitas as definicións que se foron dando da escola rural ao longo do tempo polo que, en base a algunhas definicións observadas pódese xerar a seguinte definición: A escola rural é aquela escola unitaria e/ou cíclica que presenta un número reducido de alumnado, o cal lle permite atender de mellor maneira ás necesidades individuais, adaptándose a estas e mesmo as que presenta o contexto social no que se atopa. Encóntrase nun núcleo de poboación pequeno tendo como soporte o medio e a cultura rural, cunha estrutura pedagóxico-didáctica baseada na heteroxeneidade e multinivel, cunha organización e administración adaptada ás características e necesidades inherentes ao contexto no que se atopa (Ortega, 1995; Martín, 2006; Boix, 2004. Esta tamén se caracteriza por unha continua relación cos distintos axentes externos á propia escola como a comunidade social e cultural, o entorno natural, etc. o que lle permite levar a cabo un aproveitamento dos recursos que a contorna lle ofrece. Aínda así, cabe destacar que non se debe dar unha única definición universal e permanente sobre o rural ou urbano xa que desta forma caeríamos nunha dicotomía simplista pois ambos espazos están en continuo cambio (Berlanga, 2003), permitindo ter así unha mente que evoluciona pois o que hoxe parece unha cousa o día de mañá muda a outra distinta.

2.2. PROBLEMÁTICA DE PARTIDA

2.2.1. O ABANDONO DO RURAL

O abandono do rural comezou tempo atrás, concretamente sobre o século XVIII por motivo da revolución industrial, cun éxodo masivo debido á redución en termos absolutos e relativos da poboación agraria; polo envellecemento desta poboación activa e da poboación rural en xeral, pois os máis novos eran os que emigraban primeiro na procura de traballo nas cidades, influíndo así negativamente no número de nacementos e polo tanto na evolución da poboación en idade escolar; o crecemento da industrialización e urbanización a consecuencia do proceso de crecemento económico resultando así nun retroceso do medio do que estamos a falar fronte á industria e á urbe; etc. deixando deste xeito marcado de forma irreversible este territorio (Carmena y Regidor, 1985). A pesares das diversas controversias que se foron dando e que producían unha emigración cara a cidade, asistimos actualmente a unha visita continua por parte das empresas, para levar a cabo un aproveitamento dos recursos e dos espazos que pode proporcionar o medio rural, favorecendo a súa imaxe e enriquecendo ás industrias que se atopan nas cidades. Deste modo, considéranse amas e donas dese territorio que van a utilizar sen tan sequera contar coa participación/opinión da poboación local (Amiguinho, 2011). Unha situación similar está a acontecer na propia contorna e en municipios colindantes na que contextualizarei a intervención (concello da Capela), onde se

pretende situar un dos moitos parques eólicos que hai proxectados en Galicia. Este en concreto pretende estar situado na contorna do Parque Natural das Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos caducifolios mellor conservados de Europa con máis de 9.000 hectáreas á beira do río Eume que forman esta fermosa paisaxe, onde a intensa cor verde galega reluce alá a onde mires, que pronto podería cambiar o seu ceo natural polas aspas duns aeroxeneradores de 180 metros; case a altura dos rañaceos máis altos de Benidorm (Martínez, 2021).

Como ben fan referencia no artigo de García Romero e Salido Herba (2022), faise agora relevante o concepto das "zonas de sacrificio" sendo estas un espazo no cal existe a licencia para un dano ecolóxico xustificado no desenvolvemento como ben común. Estas están especialmente á orde do día coa transición enerxética, xa que como fixemos mención previamente, en Galicia temos exemplos claros como se viu mostrando cos proxectos eólicos. Estes xorden a consecuencia da preocupación do cambio climático, por seren un modelo enerxético máis sostible e cun menor impacto medioambiental (no que ás emisións de CO2 se refire), e é precisamente por ese motivo polo cal en España (seguindo as directrices da Unión Europea (UE)) se está a realizar un proceso de transición enerxética. Moitas empresas aprovéitanse das zonas rurais coa finalidade de manter o negocio en auxe como consecuencia dos cambios lexislativos que se foron dando así como pola inmediata extinción dos combustibles fósiles tendo que verse forzadas a buscar alternativas. Por este motivo, moitas delas apostaron pola enerxía eólica coa implantación dos parques que se mencionaban anteriormente co fin de producir esa enerxía renovable limpa e non contaminante polo factor natural do vento. Sen embargo, a pesar de ser unha enerxía limpa por aproveitarse dun recurso renovable, os parques eólicos producen un forte impacto ambiental nas zonas nas que son situados, polo que sería necesario realizar unha avaliación previa ao impacto visual do lugar onde serían implantados para reducilo a nivel paisaxístico e medioambiental (Fernández, 2021).

Neste momento, parte ou gran parte da poboación rural defende o seu espazo fronte a estas "invasións" industriais pola conservación da zona natural e cultural así como daquelas que contan cun alto valor paisaxístico, xa que a construción destes parques afectaría de forma negativa reducindo o seu valor e o interese turístico (Fernández, 2021), favorecendo tamén neste eido o abandono da vida no rural incrementando así o estigma que está a sufrir. Como podemos ver, a finalidade non sempre xustifica os medios e os veciños e veciñas destas localidades rurais non adoitan estar moi a favor de impulsar ditas construcións como está a acontecer no concello de Monfero e no da Capela onde rexeitan ditas iniciativas por medio de repulsas e plataformas veciñais como é o caso de MONFERO DI NON (https://monferodinon.wordpress.com/) e A CAPELA DI NON

(https://www.acapeladinon.com/), onde os habitantes levan a cabo reunións para mobilizarse e actuar en repulsa a estas actuacións industriais. Nestas plataformas podemos comprobar as distintas opinións negativas que se teñen sobre os parques eólicos.

Tamén cabe destacar que os problemas non rematan no deterioramento da beleza da paisaxe pois debemos ter en conta que as aspas dos muíños roxen ao moverse coa acción do vento, e a instalación leva acompañada a creación de novas estradas/pistas para que os camións, grúas ou demais transportes poidan trasladar os escombros cando comecen co levantamento do parque. Isto suporá moito ruído e o desmantelamento de ladeiras de montañas ou de espazos virxes o cal afectaría directamente á poboación e ao ecosistema que alí vive aumentando, se cabe, o impacto paisaxístico e medioambiental do que se falaba previamente (Fernández, 2021).

2.2.2. ESTIGMATIZACIÓN DO MEDIO RURAL

Desta problemática que se menciona, parte o tema que vou desenvolver neste traballo de fin de grao sobre a estigmatización que se fai do medio rural galego por parte das institucións tal e como se pode ver na noticia de Vizoso (2021) que versa sobre a "mala" calidade de vida e desenvolvemento que ofrece a Galicia Profunda. Nesta exponse o caso dun matrimonio que vivía en Marbella, e que, despois do seu divorcio, a nai múdase co pequeno a Muros, un pobo da comunidade autónoma galega. O pai disposto a conseguir a custodia do fillo, leva o caso aos tribunais onde unha xuíza lle concede a súa petición por considerar que o neno carece de posibilidades na que chama a Galicia Profunda, pois afirma que este espazo carece de boas escolas e oportunidades para o bo crecemento persoal e crítico do pequeno. Tal e como recolle o periódico El País, a xustificación que da a maxistrada María Belén Ureña Carazo sobre a súa decisión ofende á defensa por desprezar dese xeito a Galicia e ao seu medio rural:

> Marbella "ofrece múltiples posibilidades para el adecuado desarrollo de la personalidad de un niño y para que crezca en un ambiente feliz". Esto "no sucede", afirma, en la localidad de Galicia donde reside la madre, que está "lejos de todo" y en la que ella no tiene "opciones laborales" (Vizoso, 2021, 2º parágrafo).

O rural sofre un continuo abandono por parte das empresas e o sector servizos xa que como se pode ver, o peche de oficinas e sucursais bancarias nestes espazos está acontecendo, obrigando a veciños e veciñas a desprazarse varios quilómetros para poder realizar as súas xestións bancarias. Son as persoas que viven nestes lugares as que máis sofren a exclusión financeira, co peche destas e co recorte de días e horarios de atención presencial aos clientes (Cuba, 2021). En base a esta exposición dos feitos, pódese observar como a falta de coñecementos de moitas persoas, a ignorancia por coñecer e aprender ou

mesmo por pensar no propio beneficio resulta en decisións deste tipo que non se adecúan baixo ningún concepto á realidade existente e que prexudican a un colectivo de persoas por vivir nun sitio determinado.

2.2.3. ESTIGMATIZACIÓN DA ESCOLA RURAL

Esta concepción das poucas posibilidades que ofrece este medio do que estamos a falar, non se limita só a saídas profesionais/laborais ou a beneficios que pode ter, ou non, criarse neste espazo xa que tamén se vincula directamente coas escolas e a educación que aquí se imparten.

> La escuela rural en España, también en Cataluña, ha sido tradicionalmente maltratada, descuidada y demasiadas veces abandonada. El sistema educativo español desde el siglo XIX ha sido centralizado y uniformizado. Estos principios han marcado históricamente la escuela rural, sin tener en cuenta sus particularidades sociales y culturales muy diferentes de los centros ubicados en entornos urbanos. (Tahull y Montero, 2018, p. 162)

En moitas ocasións, a escola rural viuse afectada por estereotipos que a estigmatizaban fronte á escola urbanizada, xa que a consideraban como un ambiente carente de estímulos, longa distancia entre a escola e as respectivas vivendas, carencia de transporte escolar, etc. (Carmena y Regidor, 1985). Moitas nais e pais temen a que se peche a escola por falta de discentes matriculados xa que cada vez hai menos nenos e nenas. Alúdese tamén a inexistente formación profesional no ámbito das escolas rurais por parte do profesorado (Hamodi, 2014) sendo isto unha realidade constatada non só polo artigo, se non tamén por min mesma pois nestes catro anos de carreira tan só tiven unha materia no terceiro curso que facía alusión aos termos que neste traballo se constatan. Na investigación que realiza Hinojo et al. (2010), case un 85 % do profesorado activo do medio rural considera que a súa formación inicial foi pouco ou nada axeitada ao desenvolvemento da labor profesional neste contexto xa que durante os seus estudos na facultade, pouco ou nada se viu sobre o traballo nunha contorna rural o que supuxo un obstáculo para o desenvolvemento da súa labor profesional unha vez chegou ao centro rural. O profesorado que se responsabiliza da educación das zonas rurais debe contar cunha formación inicial e continua pois unha vez rematan o seu proceso de formación na universidade, atópanse cunha realidade diferente da analizada e estudada (Boix, 1995).

Estas continuas estigmatizacións e invisibilizacións de colexios rurais fixeron que se levaran a cabo substitucións masivas das mesmas, incluíndo aquí tanto ás unitarias como ás mixtas, por centros comarcais, formando así concentracións escolares (Carmena y Regidor, 1985). Como afirma Amiguinho (2011):

> Las políticas públicas en este ámbito prosiguen indiferentes su camino. Comenzando por negar el objeto social y educativo que es la escuela rural, en términos pedagógicos y organizativos, en coherencia con este reduccionismo del análisis, imponen pura y simplemente su cierre. En verdad, no hay política ni estrategias para la escuela rural, porque la manifiesta falta de objeto no lo justifica. Así se decide y actúa, finalmente, en conformidad con otros criterios político-económicos que, invariablemente, se disimulan, pero que permanentemente se actualizan y que son, en el fondo, los que realmente importan. (p. 25)

Nos discursos políticos, non se recolle nin se menciona ningunha destas problemáticas desaparecendo así o tratamento destas cuestións como un aspecto que lle confire ao Goberno, quedando así moitas voces de veciños e veciñas silenciadas. Os discursos hexemónicos en xeral consideran á escola urbana como a institución escolar que pode ofrecer unha mellor calidade educativa aos nenos e nenas do rural en detrimento do contexto no que viven e sen embargo, nada máis se afasta da realidade xa que con motivación, interese e innovación, pódese adquirir un modelo de escola que aprende e na que se pode aprender (Boix, 2004).

2.3. OPORTUNIDADES EDUCATIVAS DA ESCOLA RURAL

En contra das ideas comunmente extendidas das que se falaba previamente, a educación rural hoxe en día, representa un mundo de posibilidades grazas a investigacións e estudos que reflexan que iso é así, lonxe das ideas estereotipadas e tópicos que seguen subxacentes (García Prieto y Pozuelos Estrada, 2016). A escola do ámbito rural non deixa de ser unha institución educativa que consolida o medio e a cultura como soporte, contando cunha estrutura organizativa heteroxénea e singular así como cunha configuración pedagóxico-didáctica multidimensional (Boix, 1995) o que estimula así o desenvolvemento dunha pedagoxía activa (Gonzalo, 2014) e mesmo inclusiva. Anteriormente víamos as problemáticas polo que agora preséntanse as oportunidades.

Esteban-Guitart et al. (2022) defende que as prácticas de ensinanza requiren de procesos participativos baseados no codeseño e na corresponsabilidade entre os distintos recursos, servizos, organizacións e axentes sociais comunitarios e educativos de aí a que tratemos de deseñar propostas de intervención transversais, aplicables a diferentes situacións (dimensión territorial). No mesmo eido, fomentamos a motivación por aprender do alumnado e de levar a práctica os seus coñecementos, pois estamos a conectalos/as co seu entorno cotiá así como coa xente que o habita de forma que o contexto vital convértese no seu obxecto de estudo.

Para levar isto a cabo, a actuación docente dáse de forma integrada, nutríndose de diversas fontes como pode ser o currículo mais non centrándose só neste pois, aproveitando o contexto pode enriquecerse moito unha aprendizaxe, pasando así a ser significativa e real (Sanzana, 2014). Polo mesmo camiño segue Esteban-Guitart et al. (2022) cando fai referencia á necesidade de espazos educativos que requiran de contextos sociais e comunitarios para que deste xeito, coparticipen ca escola no que denomina "*ecosistemas educativos locales*" entendendo por este termo, a creación dunha rede participativa que incorpora a distintos actores, servizos, equipamentos, recursos, oportunidades sociais, oportunidades comunitarias e oportunidades educativas para identificar as necesidades de aprendizaxe e poder así, desenvolver actuacións educativas de maneira conxunta. Trátase de compatibilizar un traballo pedagóxico-didáctico na aula cun traballo educativo-social de raíz comunitaria de forma que se potencien entre si (Amiguinho, 2011). Un exemplo témolo no Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso", onde levan a cabo unha metodoloxía que relaciona o pobo e a escola, de aí o nome do programa "Pobo escola", pola achega que se fai do coñecemento da realidade rural que integra o entorno natural e humano, modos de vida... para así tratar de conseguir que o rural continúe sendo poboado polas persoas afincadas que xa estaban e por aquelas que aínda están por vir (C.D.R. O Viso, s.d.).

Unha característica é a *relación que se propicia entre a familia e a escola* pois neste contexto é moi frecuente, sendo esta moi necesaria e fundamental para a coordinación entre o profesorado e os pais e nais do alumnado. Estes adoitan ser veciños e veciñas da mesma localidade ou de pobos próximos entre si o que facilita o establecemento dunha comunicación fluída e dinámica entre estes (Martín, 2006). A meirande parte dos docentes que nestas escolas traballan, poñen en auxe a implicación persoal que se fai da aprendizaxe así como a proximidade das relacións entre os axentes da comunidade educativa e a *baixa ratio de alumnado por aula* (Tahull y Montero, 2018).

A escola está vinculada á vida social e cultural do pobo nun todo, onde os rapaces e rapazas se coñecen e mesmo as súas familias. Os habitantes participan en todas as actividades culturais e recreativas programadas na comunidade, tendo moi boa relación de confianza, trato e contacto coa natureza, establecendo así, lazos de solidariedade e reciprocidade entre a veciñanza polo que, nestes casos, para comprender a escola é imprescindible coñecer a vida do pobo (Tahull y Montero, 2018). Na mesma liña, pódese procurar na busca da situación inversa, é dicir, buscar a posible participación de persoas da propia contorna no centro educativo, ensinando ao alumnado outro tipo de coñecementos en base a unha expectativa e experiencia real (Gonzalo, 2014).

Desta maneira, as metodoloxías poden transformanse en función do contexto no que se levan a cabo, é dicir, non ensinamos contidos nin facemos analoxías da mesma forma se estamos nun colexio onde o alumnado vive o seu día a día en *contacto co medio natural*, que se nos atopamos nunha escola situada no centro dunha cidade. Polo tanto, cabe mencionar que a contorna natural é unha das bases dunha aprendizaxe significativa, o que permite un desenvolvemento máis explícito das competencias básicas, tendo en conta que estes métodos de ensinanza fomentan a motivación dos máis pequenos/as, formando cidadáns críticos e responsables, que sexan quen de convivir en sociedade. A diversidade de paraxes naturais que neste contexto se dan proporciona un recurso didáctico do cal poder enriquecerse. Así mesmo, este feito fai que a escola sexa moi flexible e libre (Gonzalo, 2014), podendo adaptarse aos diferentes contextos existentes e ao medio no que se atope.

Outra característica da escola rural dáse nun agrupamento heteroxéneo de estudantes en *aulas multigrao* nas que conviven nunha mesma aula, sendo de diferentes cursos e niveis curriculares. Estamos a falar de espazos onde un mestre/a dedícase a dar clase simultaneamente a un grupo de alumnado de diferentes niveis educativos, tendo que coordinar á súa actuación docente para poder conseguir resultados efectivos. En definitiva, as aulas multigrao caracterízanse por ser de atención global e diversificada aos poucos/as alumnos/as cos que normalmente conta (Hinojo et al., 2010) tendo consecuencias sumamente positivas (Martín, 2006). A interacción co alumnado de diferentes idades crea un clima de relacións mutuas e enriquecedoras, aportando un elevado grao de autonomía xa que ven representada mediante as continuas relacións de interdependencia cos compañeiros e compañeiras de idades, niveis culturais, realidades e graos de aprendizaxe diferentes. (Jiménez, 2009). Esta agrupación permite ao alumnado de idade máis temperá atender ás explicacións de niveis superiores captando conceptos que lles permita avanzar a un ritmo superior. Tamén, o caso da baixa ratio de alumnado que hai por aula, permite levar a cabo unha ensinanza personalizada xunto cunha aprendizaxe cooperativa por parte dos rapaces e rapazas. A través desta, os nenos e nenas da escola rural aprenden de forma conxunta, transmitindo os coñecementos duns a outros (Hamodi, 2014).

O medio rural, a parte de ser un espazo moi nutrido no que crecer e desenvolverse como persoas, ofrece unhas experiencias significativas para a vida. Isto pódese corroborar segundo o que afirman as persoas entrevistadas no artigo de Hamodi (2014), que comentan o variado repertorio educativo que a contorna pode ofrecer, podendo organizar a aprendizaxe en espazos naturais, nunha granxa ou en calquera outro lugar. A oferta educativa que ofrece a paisaxe permite que o alumnado leve a cabo unha *interacción directa coa natureza*, podendo vincular as ensinanzas cos obxectos e fenómenos máis comúns, os cales se atopan no entorno próximo do alumnado, seguindo a liña das actuais orientación didácticas para a

área de coñecemento do medio natural na educación primaria por medio de experiencias de campo. Dende un punto de vista didáctico, esta favorece unha posta en práctica de metodoloxías que estimulan a actividade do alumnado nas tarefas de aprendizaxe, realizando a selección e organización do currículo dende unha perspectiva globalizadora en base aos intereses e problemas da vida cotiá (Bernal, 2012).

A escola rural conta na actualidade cunha calidade baseada na importancia que lle outorga á afectividade, o respecto e onde os pilares básicos do día a día son as relacións persoais pois é aí onde se fundamentan as aprendizaxes xunto coa interrelación co medio enriquecendo así a ambas partes (Jiménez, 2009) pois como xa se mencionou, un principio básico é a conexión que se da coa familia e comunidade. A escola rural debe utilizar o conxunto de recursos e potencialidades do desenvolvemento da comunidade na que se atopa integrada.

2.4. A DIVERSIDADE NA EDUCACIÓN. A ESCOLA INCLUSIVA NO MEDIO RURAL

As persoas desenvolvémonos dende a diversidade e na diversidade. Esta constitúe un referente na educación democrática sendo a esencia da educación, dende unha perspectiva que a entenda e a practique de forma enriquecedora. A escola debe dar resposta á diversidade do alumnado e entendela como unha posibilidade de enriquecemento colectivo, nunca coma un problema (Tremps, 2014).

O principio de atención á diversidade establece primeiramente a obrigatoriedade dos Estados e dos Sistemas Educativos a garantir a todas as persoas o dereito á educación, recoñecendo as diferentes necesidades existentes en cada unha delas, combatendo as desigualdades e adoptando un modelo educativo aberto e flexible que permita o acceso así como a permanencia escolar de todo o alumnado, sen excepción algunha (Araque y Barrio, 2010). Sen embargo, e en contraposición disto, diversas reformas son declaradas como inclusivas cando realmente a finalidade da gran maioría non ten que ver cun fomento da inclusión ou mesmamente para evitar a exclusión (Escudero y Martínez, 2011), sendo simplemente unha mera venda dunha práctica inexistente.

O mundo tal e como o coñecemos presenta diferencias entre as persoas, ben sexan culturais, económicas, sociais, políticas, etc. Este non é un mundo homoxéneo nin igualitario (Escarbajal et al., 2012). Consecuentemente estas diferenzas tamén se manifestan nas aulas. Segundo UNESCO (2005) e Escobar et al. (2020) a inclusión é un proceso que implica dar resposta á diversidade de necesidades de todos garantizando así a súa educación, respectando a individualidade e a colectividade dos dereitos. A educación inclusiva, polo tanto, "implica que todos los niños y las niñas de una determinada comunidad aprendan juntos independientemente de sus condiciones personales, sociales o culturales, incluidos aquellos

que presentan alguna condición especial que les dificulta el aprendizaje" (Delgado, 2007, p. 51). Esta leva a que todos os estudantes poidan acceder á educación sen que as súas características ou condicións da diferencia o impidan xa que, dende a política educativa, todo o alumando debe contar co apoio necesario para que formen parte dunha educación pertinente conforme ao dereito fundamental da educación (Díaz & Rodríguez, 2016).

A escola inclusiva é aquela que se propón artellar e levar a cabo dita perspectiva de inclusión da diversidade. Esta conta cuns fundamentos baseados no tipo de educación que a sociedade pretende ofrecer as futuras xeracións; unha educación na que o alumnado sexa tido en conta como persoas na que aprender a ser, a facer, e a convivir desfrutando do proceso de ensino-aprendizaxe de calidade, onde as relacións establecidas son construídas cunha base de respecto, equidade e xustiza social. A educación inclusiva ten como obxecto lograr unha educación de calidade caracterizada pola excelencia e a equidade, calidades coas que debería contar calquera sistema e centro educativo (López, 2018).

A escola inclusiva recolle unha serie de características entre as cales destacamos as que se mencionan no artigo de Escarbajal et al. (2012):

- É unha escola aberta a todo o alumnado (non discrimina a ninguén), independentemente das características sociais e persoais de cada un.
- É unha escola que busca a autoxestión, o que implica o recoñecemento da plena autonomía das comunidades locais.
- Os seus fins deben estar deseñados tendo en conta que todos os alumnos e alumnas son suxeitos libres e autónomos, capaces de desenvolver competencias de forma crítica.
- É unha escola cunha xestión democrática e cun currículo integrador e respectuoso coa diversidade.
- É unha escola cunha metodoloxía e procedementos didácticos que fomentan a participación de toda a comunidade así como o traballo cooperativo, sendo o alumnado o protagonista dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

As escolas inclusivas deben traballar para crear entre os seus membros (sobre todo entre o alumnado) un sentimento de pertenza a unha comunidade educativa na cal, cada persoa é valorada como un igual. Para iso débese crear un clima emocional e traballar para construír, entre todos, unha comunidade onde cada individuo poida aprender e participar (López, 2018). Faise necesaria a posta en práctica dunha pedagoxía que considere as características particulares de cada individuo así como o contexto socio-cultural onde se desenvolve (Díaz & Rodríguez, 2016). Conseguir levar a cabo unha educación inclusiva na súa totalidade non é tarefa fácil, e aínda menos se non existe unha cultura de inclusión.

Precisamente por isto, na escola inclusiva, debe estar vixente en todo momento o principio de igualdade e oportunidade dirixido a satisfacer as necesidades das persoas de forma creativa e innovadora para encamiñarse a prácticas significativas no campo da inclusión (Escobar et al., 2020).

Deste xeito, vemos como a escola inclusiva debe fomentar vínculos entre o currículo; o alumnado; o docente; o contexto social, natural e mesmo o cultural, establecendo compromisos a lograr, baixo a referencia das características dos/as nenos/as así como do proceso de ensinanza-aprendizaxe, tal e como se viu anteriormente que ocorría nas escolas rurais. O principio da educación inclusiva no contexto rural e mesmo no contexto urbano parte da aprendizaxe dos estudantes por medio de proxectos que levan a cabo nunha igualdade de oportunidades para todos/as, dende o aprendizaxe significativo en diversos contextos, nos cales participe a comunidade educativa e social. A escola rural ten unha serie de características que lle permite levar a cabo esta inclusión polas súas facilidades á hora de vincular o contexto escolar co social entre outros. Son múltiples as opcións coas que conta para levar a cabo intervencións pedagóxicas inclusivas, pois o contexto no que se atopa permítello. De feito, Araque e Barrio (2010) sinalan algunhas estratexias/condicións a ter en conta para o desenvolvemento dunha escola inclusiva as cales se vinculan coas oportunidades que ofrece o medio rural expostas no apartado 2.6 deste traballo:

- Un contexto político aberto e participativo. As sociedades/comunidades cunha traxectoria democrática e participativa posúen unha maior capacidade de resposta cara a inclusión.

- Analizar a realidade do centro e a idea que este ten sobre a educación inclusiva e o concepto de diversidade, establecendo así prioridades e necesidades, suprimindo as barreiras que impidan a participación activa, etc.para levar a cabo un cambio nas prácticas educativas.

- Fomentar a participación e implicación de todos os membros da comunidade educativa na xestión, planificación e desenvolvemento do proxecto educativo de centro, creando e desenvolvendo actividades que impliquen a todo o alumnado e ás familias, facilitando un clima de apertura e de participación para todos/as.

- Utilizar todos os recursos didácticos, humanos, materiais e financeiros, creando redes naturais de apoio entre profesorado, alumnado, pais/nais, etc.

- Promover unha colaboración entre servizos (Centros de Saúde, o Concello, o propio Centro Educativo, tendas locais, etc.) que favoreza o desenvolvemento de prácticas inclusivas, educativas e sociais co aproveitamento dos recursos ordinarios.

Como podemos observar, todas elas teñen cabida no marco da escola rural, xa que debido ao seu tamaño reducido, á interacción que se da entre escola e sociedade, ós recursos cos que esta conta ben sexan internos ou externos e á posibilidade de colaboración entre os diferentes servizos pódese levar a cabo perfectamente unha inclusión atendendo a estas claves expostas. Aínda así, dende un punto máis crítico, cabe destacar que a escola rural está dotada de diversos recursos que permiten unha maior inclusión no día a día entre os que destacan os seguintes:

AULAS MULTIGRAO: Ofrecen unha oportunidade fundamental para atender a diversidade xa que os ritmos son moi diferentes e varían nun mesmo rango de idade (Márquez, 2020). O obxectivo principal das aulas multigrao é o de dar resposta a todas as diferenzas existentes na aula, e que estas se caracterizaban por ser de atención global e diversificada. Esta idea xa é fundamental no tratamento da diversidade de alumnado que temos nunha escola, pois todos aprendemos dos que son diferentes a nós e daqueles que son semellantes dándose unha cooperación entre os máis maiores e os máis pequenos, enriquecéndose e axudándose mutuamente namentres adquiren autonomía e aprenden a respectar a diversidade existente na comunidade educativa e na sociedade en xeral, tomando conciencia de que non todos aprenden ó mesmo ritmo (Tremps, 2014). Concretamente na proposta de intervención deseñada neste proxecto, traballarase nunha aula multigrao que integra aos cursos de 3º e 4º dando así esa oportunidade de xerar unha actividade inclusiva que atenda aos ritmos de todos os integrantes do grupo.

CONTACTO DIRECTO: O contacto directo do que se goza, tanto no contexto como na escola rural, co alumnado, cas familias, coa comunidade educativa en xeral, coa social (veciños/as) e mesmo coa natural e cultural, promove un ámbito de inclusión de todas as persoas participantes xa que a interrelación familia-escola-comunidade resulta imprescindible para o logro dos propósitos da inclusión (Bell et al., 2010), posto que a cultura vaise forxando co tempo, e a identidade e o sentimento de pertenza xorde entre o pobo. Os docentes da escola rural teñen en conta a relación próxima da familia e da comunidade como un factor máis de aprendizaxe do que gozan.

No contexto educativo, a familia é un dos factores que máis repercusión ten na formación e crecemento persoal do/a neno/a. Aí é onde se aprende a convivir con outros, onde se teñen as primeiras relación sociais, onde se inicia a formación das capacidades intelectuais e psicolóxicas, adquírense determinados valores e vincúlase unha interpretación do mundo entre outras cousas. Esta é unha labor formativa que se complementa simultaneamente na escola no momento no que se inicia. Indiscutiblemente, a escola e a familia son as dúas institucións máis importantes para a educación dos nenos e nenas polo

que ámbalas dúas deben establecer fortes nexos de comunicación e cooperación para lograr así, a plena formación integral das novas xeracións (Herrera y Espinoza, 2020) incluíndo a posteriori a relacións coa comunidade social e co medio onde se atopan.

BAIXA RATIO DE ALUMNADO POR AULA: Permite na meirande parte das ocasións, promover esa atención á diversidade tan demandada mediante unha personalización da aprendizaxe, posto que, nun aula na que hai 20 alumnos e alumnas dos/as cales 2 deles/as presentan unha situación especial como pode ser o trastorno do espectro autista (TEA) ou mesmo o trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), o titor/a ten dificultades para prestar esa atención individualizada ou propoñer intervencións a nivel xeral xa que a diversidade de nivel que hai entre todo o grupo clase é moi grande mais neste ambiente, os/as nenos/as están máis apoiados e integrados ao ter unha relación máis próxima entre os diferentes axentes ou factores (escola, familia, contexto social...) (Tahull y Montero, 2018).

CONTEXTO NATURAL ESTIMULANTE E DIVERSO: O medio rural presenta un contexto natural estimulante e diverso, estando a escola rodeada na súa maioría por paisaxe natural o que facilita que se leven a cabo clases ao aire libre e no propio espazo do contexto, permitindo así unha relación máis estreita co medio no que nos atopamos. Estas aulas ofrecen aos mestres/as unha moi boa oportunidade de ofrecer unha ensinanza dende novas perspectivas metodolóxicas, favorecendo a posta en práctica dos principios pedagóxicos da escola activa (Bernal, 2012) tocando, experimentando, vendo e experienciando, pois pasamos de ver os contidos en imaxes a velos na realidade. A oferta educativa que ofrece a paisaxe rural permite que o alumnado leve a cabo unha interacción directa coa natureza, aprendendo de forma significativa e motivadora, xa que o/a alumno/a aprende a mirar o mundo dende a súa propia experiencia, a través dos ollos, do tacto e do olfacto (Núñez, 2017). Vinculando isto coa diversidade e a inclusión, debemos ter en conta que o alumnado non estará sentado nunha cadeira e atendendo a aquilo que o docente lle está a explicar e/ou transmitir, se non que, veranse ao aire libre, respirando aire puro e limpo, relacionándose co medio e realizando o proceso de ensinanza-aprendizaxe de forma práctica. A ensinanza levada a cabo na natureza, dende unha perspectiva pedagóxica e ambiental adecuada, podería xerar valores e actitudes que favoreceran a inclusión social do alumnado (Bernal, 2012) por estar traballando nun espazo estimulante e ao aire libre, sendo esta unha metodoloxía a aplicar na propia intervención deste traballo.

3. APROXIMACIÓN AO CONTEXTO

3.1. DESCRIPCIÓN DO CONTEXTO

A proposta de intervención descrita máis adiante está contextualizada nun territorio rural ao norte da provincia da Coruña, o concello da Capela o cal conta cunha poboación inferior a 2000 habitantes, manténdose en 1221 no ano 2020 segundo o IGE, cunha superficie de 59 km². O termo municipal da Capela está situado na comarca do Eume, e cunha altitude media de 450 metros e formado por 3 parroquias (Santiago da Capela, San Boulo de Caaveiro e Santa María de Cabalar), o seu relevo artéllase nunha sucesión de serras e montañas que funcionan como divisorias das augas dos dous ríos que o atravesan, o Eume e o Belelle. En referencia ao ámbito cultural, cabe destacar que todos as aldeas e vilas teñen unha individualidade que representa as orixes do mesmo, outorgándolle unha memoria que conservar ao longo dos anos e mesmo séculos. Esa conformación emana da fonda raigame dos nosos antepasados, os seus costumes, a súa maneira de vivir, as súas crenzas, …; todo un conxunto de compoñentes que dan lugar ao sagrado edificio da cultura. É moito o que o mundo rural ten aportado a ese edificio e á vida en xeral; tamén é evidente que unha gran parte desa aportación está esmorecendo progresiva e implacablemente. Coa finalidade de recuperar como recurso de identidade e poñer en valor como recurso de desenvolvemento local ese rico patrimonio créase no ano 2001 o MUSEO ETNOGRÁFICO da CAPELA.

Este parte dos fondos da Colección Etnográfica do C.E.I.P ”Mosteiro de Caaveiro” (inicio precursor) froito dunha experiencia socio-pedagóxica que buscaba coñecer o que os rodeaba desenvolvida dende o ano 1981 no colexio, coa participación de pais, nais, mestres/as, veciños/as e principalmente dos nenos e nenas. Artéllase como unha “rede de museos”; onde cada un deles xira ao redor dun centro de interese e todos, á súa vez están interrelacionados entre si formando parte de rutas eco-etnográficas que lle permiten ao visitante deambular polo acontecer histórico dos homes e mulleres da zona. Esta rede está integrada por: A *Casa do Pazo* (sede central do mesmo e que reproduce a típica casa de labranza), *Parque Etnográfico do Sesín* (un ecomuseo que amosa o aproveitamento racional que durante séculos fixo o home dos recursos ofrecidos polo medio) e *Escola de Guitiriz* (Museo Etnográfico da Capela, s.d.). Esta última trátase dun museo sobre a escola onde atopamos unha recreación do que viría a ser unha escola dos anos 40 e 50, a casa-habitación da mestra así unha exposición que percorre a historia da educación na Capela desde finais do século XIX. Pupitres e outro mobiliario xunto con libros, cadernos, mapas e moitos outros elementos forman parte deste vivo museo os cales proceden, na súa maioría das unitarias existentes na Capela ata a creación, no ano 1979, do C.E.I.P. PL. Mosteiro de Caaveiro (Diario de Ferrol, 2021) o cal xorde como froito da colaboración dos veciños. Cada un dos

museos citados anteriormente, xiran en torno a un centro de interese estando interrelacionados entre si, deseñados en base a argumentos locais e complementados cunha ampla rede de rutas e outras iniciativas que permitan, a través da activación dun patrimonio natural e cultural, levar a cabo proxectos de desenvolvemento dinamizadores da comunidade (García, 2005). A *Casa do Pazo* correspóndese coa tipoloxía dunha casa rural da zona, tanto na súa distribución como nos elementos construtivos tratando de ser así unha aula viva onde se presenta o propio espazo como unha unidade básica da sociedade rural que non responde só ao refuxio da familia se non que tamén ás necesidades sociais e ás derivadas dunha economía de autosuficiencia. Un percorrido por todos os seus habitáculos permite ao espectador achegarse ás formas de vida e de traballo das xentes da zona que, pola evolución dos tempos, están a piques de esquecerse por completo (Do “cole” ao Pazo, 2008).

3.1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

O centro escolar sobre o cal se vai levar a cabo o deseño da proposta de intervención denomínase C.E.I.P. PL. Mosteiro de Caaveiro sendo un colexio público de Educación Infantil e Primaria que comezou a funcionar no ano 1979, e está situado no concello da Capela (comarca do Eume), concretamente na parroquia de Santiago da Capela. O centro está situado nun punto estratéxico que lle permite contar cos servizos necesarios e básicos preto do mesmo, mais isto non lle permite estar a unha distancia equidistante de todos os nenos e nenas do concello que acoden a dito centro pois non se atopa nun punto céntrico. Actualmente o concello presenta unha taxa de natalidade moi baixa debido ao avellentamento (falta de poboación nova), o que se reflicte nunha escasa recollida de matrículas para os distintos niveis que presenta a escola, situándose neste curso académico en 62 (15 alumnos/as de educación infantil e 47 alumnos/as de educación primaria). O alumnado procede na súa totalidade do propio concello, onde as familias se dedican, na súa maioría, ao traballo no campo ou ao sector servizos.

O centro conta con servizos de transporte escolar, de madrugadores habilitado de luns a venres dende as 08:00h ata as 09:15h e de comedor que abarca dende as 14:30h ata as 15:30h. Entre as infraestruturas que posúe podemos destacar aulas de grupo (unha aula para toda a etapa de educación infantil e 4 aulas para a etapa de educación primaria) que poden variar cada ano en función do número de alumnado matriculado, aulas de especialidades (unha aula de música, unha de relixión, unha de inglés, unha de pedagoxía terapéutica e unha de audición e linguaxe), salas de administración (despacho de dirección, despacho de xefatura/secretaría, despacho de orientación e sala de profesorado) e outras dependencias como poden ser dúas biblioteca, unha aula de informática, un patio descuberto ou o pavillón polideportivo. En canto ao profesorado, neste centro intégranse un total de 7

especialistas, 1 mestra de educación infantil e 2 mestres/as de educación primaria (Consellería de Educación, 2013).

3.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE INTERVENCIÓN

3.2.1. PROCEDEMENTOS DE RECOLLIDA E INFORMACIÓN CLAVE

Para a elaboración dunha proposta pedagóxica inclusiva que vincule a contorna do alumnado coa propia escola, foi preciso facer unha sondaxe sobre as posibilidades que esta práctica ofrece así como as súas vantaxes para a integración de todo o alumnado tendo en conta a diversidade existente nas aulas, facendo así unha análise de contido. Mais non remata aí a busca e análise de datos e información, pois non sería posible atopar unha proposta axeitada ao colexio citado sen realizar unha continua observación do día a día da aula así como da vida que se da no propio centro, partindo deste xeito dunha base directa e captada de primeira man.

A información que se pode extraer por medio dunha observación habitual de aula é inmensa posto que se convive durante moito tempo coas mesmas persoas, vendo minuciosamente peculiaridades que se dan nun contexto xeral e espontáneo o cal difire do contexto preparado (Hernández Sampieri e Mendoza Torres, 2020). Neste caso, levouse a cabo unha observación diaria da aula de 3º e 4º de primaria (aula multigrao) do propio colexio entre o 31 de xaneiro e o 29 de abril, para detectar aquelas áreas que precisaban ser reconsideradas, tratando de propoñer así unhas actividades inclusivas e diversas que integren a todo o alumnado que conforma este grupo e suplindo así as carencias que están presentes. Para isto foi preciso facer un rexistro continuo das actividades que se realizaban así como da rutina diaria para detectar as necesidades que podía presentar o alumnado e o centro educativo, deixando plasmadas as situacións máis notorias nun diario de campo (Anexo I), sendo este un instrumento de formación que é de gran axuda para obter a información necesaria que permita a análise sobre a práctica, facilitando a implicación e desenvolvendo a introspección e a propia observación recollendo as distintas situacións que se presentan, notando así os puntos de mellora que a aula precisaba (Espinoza y Ríos, 2017).

Por outra banda, precisábase contar cunha información a cal non saía do propio colexio se non que proviña de persoas externas como poden ser membros da directiva do citado Museo Etnográfico da Capela ou axentes doutras entidades como Betula ou Rural Contemporánea, situadas cerca da propia comarca coas cales se podería ter en conta unha futura colaboración para a posposta. A conversa coa primeira entidade citada parte da súa presenza nas cercanías inmediatas do propio colexio contando con experiencias previas no que a prácticas educativas con entidades escolares se refire. No caso da asociación de Betula, a súa entrevista xustifícase na súa conexión coa contorna natural, tendo unha relación

constante coa custodia do territorio coñecendo os elementos que a natureza e o traballo con ela poden achegar a nivel educativo, tanto a nivel de contidos/competencia como de valores. No caso de Rural Contemporánea, pártese coa base da implicación que esta asociación ten no movemento antieólicos (tratado neste traballo o cal lle afecta de forma directa ao concello no que se vai participar), preocupándose por tratar a defensa do territorio nas aulas, sendo este un valor fundamental para transmitir ao alumnado pois serán eles e máis elas a futura xeración encargada de custodiar o territorio no cal viven no seu día a día.

As entrevistas foron gravadas para poder facer unha análise máis detallada das mesmas. Ás persoas entrevistadas proporcionóuselles un consentimento informado (Anexo II) para protexer a súa privacidade e dereito de información. Deste xeito podemos falar dunhas entrevistas semi-estruturadas posto que non son guiadas de forma estrita, se non que presentan unha serie de temas ou preguntas para tratar na sesión os cales van sendo enlazados con outros, dando liberdade á persoa que entrevista e mesmo á que responde a poder tratar temas vinculados e que semellen interesantes e complementarios ao que se está falando (Hernández y Mendoza, 2020).

A entrevista adoita ser un instrumento axeitado para acceder a este tipo de coñecemento pois esta ten un enorme potencial xa que permite coñecer de cerca as experiencias das persoas e os seus puntos de vista así como acceder á parte mental e á vital a través da cal descubrimos a súa rutina (López y Deslauriers, 2011). O principal obxectivo neste traballo consiste en recoller as concepcións sobre ás posibilidades que ten a colaboración entre as asociacións que traballan co medio natural situadas na propia contorna e a escola, a través da perspectiva dos responsables tendo en conta unha colaboración e unha participación inclusiva do alumnado na mesma, para crear así a cohesión coa comunidade e territorio da que se ven falando.

En canto á análise, grazas a esta información, fíxose firme a necesidade de implementar unha proposta distinta ao visto nos días da estadía, pasando a un plano que contemplara ao grupo como a un todo, onde ninguén quedara fóra e onde todos tiveran un rol a desenvolver. Do mesmo xeito, buscouse integrar a todo o grupo nunha actividade que estivera ligada directamente coa contorna próxima do alumnado xa que nas observacións realizadas, estas actividades quedaban nun segundo plano, sen darlles a importancia que realmente teñen nin contemplando os beneficios que supoñen para o alumnado.

3.2.2. RECURSOS DO CONTEXTO PARA LEVAR AO ÁMBITO EDUCATIVO

A memoria histórica e popular de cada lugar ben sexa unha comunidade pequena ou grande, debe estar no coñecemento dos seus habitantes cando menos. Deste xeito promóvese a posibilidade dunha mellor comprensión, por parte dos estudantes, da relación

existente entre o pasado, o presente e o futuro así como da formación do pensamento histórico ao descubrir e comprender quen foron, quen son e cara onde se dirixen a partir das raíces da súa localidade (Espinoza, Calvas & Chuquirima, 2018). Os recursos que este contexto nos aporta, axudan a percorrer este camiño, dando a coñecer aos nenos e nenas unha parte da historia da Capela. Os que aquí se expoñen parten do coñecemento da propia autora por medio dun percorrido persoal por toda a contorna dende que naceu ata a actualidade así como por medio dunhas entrevistas realizadas a persoas do lugar e mesmo de fóra.

Unha característica especial coa que conta este centro é o seu carácter pedagóxico, pois neste espazo, podemos atopar o inicio precursor do Museo Etnográfico da Capela como se comentaba anteriormente. Polas corredoiras e en distintos espazos, podemos atopar obxectos que nos amosan as ferramentas de traballo de épocas pasadas que foron aportadas polos veciños e veciñas, sendo un recurso pedagóxico moi interesante para traballar nas aulas co alumnado, podendo indagar deste xeito os saberes tradicionais e realizando así unha conservación do coñecemento popular a través do material co que se conta así como cos relatos que os veciños/as e avós e avoas poidan narrar xa que a historia que se ensina e se aprende debe aproveitar as relacións sociais que se dan na contorna próxima do docente e do/a alumno/a. Concretamente a *Casa do Pazo*, conta con visitas guiadas abertas e participativas xunto con actividades deseñadas para ampliar os coñecementos, en especial cara o visitante escolar xa que presenta unhas guías e material didáctico así como lecturas didácticas dos contidos para facilitar a interactividade do público e traballar *in situ* e nas propias aulas, tanto antes da visita como despois (Do “cole” ao Pazo, 2008).

Esta aprendizaxe sería moi importante pois tería un impacto fundamental á hora de realizar un proxecto que encadre e integre á comunidade educativa, social e cultural así como no propio desenvolvemento do alumnado que aprendería de xeito distinto certos aspectos sobre a tradición e a forma de vida dos seus avós. Deste xeito, trataríase de fomentar o coñecemento por parte do alumnado acerca da historia local da súa comunidade xa que segundo afirma a investigación de García (2015), a meirande parte do alumnado descoñece o patrimonio do seu pobo. No currículum de primaria faise moito fincapé no coñecemento da historia a nivel nacional mais considero que o coñecemento a nivel local tamén é moi importante e significativo no proceso de aprendizaxe do propio alumnado xa que descoñecen por completo a historia popular, sen saber como vivía a xente en certas épocas as cales difiren moito na que actualmente nos atopamos. Sen ir máis lonxe, a guerra de Ucraína é unha realidade que neste momento os/as nenos/as galegos/as non están a vivir mais iso non significa que sexa menos importante posto que debemos coñecer as realidades dende todas as súas facetas sexan vividas polas persoas que hoxe en día somos ou non. Debe ser dende

a escola onde se fomente o interese e a motivación por coñecer estas exposicións arcaicas da historia que rodea aos nenos e nenas da propia contorna para ser quen de valorar aquilo que vexan e observen nos distintos museos que se vaian visitando (Naveiras, 2005) xa que unha vez plantada a semente dentro de cada neno/a, esta xerminará e pasará ao interior das casas de cada un, buscando e recadando información saída dos propios avós/as.

Concretamente, cos datos recollidos na entrevista de Abel Fraga Ferreira (Anexo III), membro do equipo directivo do museo, podemos observar como conta con experiencias significativas e inclusivas con varias entidades como escolas ou outras asociacións pois o Museo adoita organizar visitas guiadas e programas educativos coas institucións que así o demandan o que proxecta esa posibilidade de colaboración. Por outra banda, cabe destacar a anécdota contada por este onde afirma ver o caso dunha serie de familias que, xunto cos nenos e nenas (todos eles alumnado do colexio da Capela), descoñecían a existencia do museo Etnográfico a pesar de levar xa máis de 20 anos de funcionamento o que fai reflexionar seriamente sobre certos aspectos posto que queda claro o descoñecemento existente da comunidade educativa sobre a contorna que os rodea. Isto está directamente relacionado coas observacións recollidas no diario de campo pois faise fincapé sobre esta temática. Así mesmo, afirma a existencia de moitos máis beneficios segundo a súa experiencia como discente no colexio do que estamos a falar ca inconvintes: a posta en práctica de xogos populares que noutras escolas non había, o Proxecto Brinquedos onde o alumnado se converte en mestres/as deses/as alumnos/as doutras escolas para ensinar os xogos tradicionais, etc. Dende logo que tal e como podemos observar na primeira parte da entrevista (Anexo III, 00:00:57-00:03:00) todo son vantaxes pois non atopa nada negativo. O único que cabe destacar se tal é a falta de alumnado matriculado, o que suscita un medo entre a comunidade tanto educativa como social a pechar a escola rural por carencia de discentes (Anexo III, 00:03:00-00:03:46). En canto a recursos que ofrece a contorna máis próxima, fala sobre potenciar o que xa hai como ven a ser o Proxecto Brinquedos ou colaborar coa asociación para traballar co medio natural e as vivencias tradicionais (Anexo III, 00:05:25-00:08:10) as cales ofrecen unha experiencia educativa inclusiva que promove uns valores de conservación e aprendizaxe para os máis pequenos/as, vinculando a propia aprendizaxe do alumnado coas vivencias dos avós, os oficios que estes tiveron... integrando do mesmo xeito a ese alumnado con necesidades educativas especiais que nunca queda fóra se non que está moi presente nestas actividades (Anexo III, 00:08:10-00:08:21). A valoración dos/as máis pequenos/as parece ser a miúdo positiva (Anexo III, 00:15:18-00:16:12) posto que en diversas ocasións repetiron a experiencia coa súa propia familia, non unha se non ata dúas e tres veces, chegándolle como algo que traslada ás vivencias reais dos seus avós e bisavós (Anexo III, 00:13:24-00:14:40) e tomándoa como propia. No referente a alumnado con

necesidades educativas especiais, segundo a opinión do entrevistado, as experiencias son sempre moi boas polo que queda demostrado que nestas propostas a inclusión está vixente en todo momento xa que se parte dunha aprendizaxe experiencial que atrae os estímulos naturais, adaptándose ás características que o grupo presenta como un todo (Anexo III, 00:17:00-00:18:34), xerando en moitas ocasións actitudes e comportamentos moi positivos e mesmo sorprendentes.

É de vital importancia ter en conta as opinións e os puntos de vista de diferentes persoas vinculadas a esta temática, podendo aportar moito na realización eficaz e correcta deste traballo, xa que a experiencia que levan nas súas costas permite ese acercamento de realidade para afirmarse naquilo que se vai facer ao tempo que dan ese respaldo real e directo sobre o que se está tratando. Todos estes datos recollidos achegan unha visión da proposta que da resposta ás necesidades que xorden na recollida de datos plasmada no diario de campo sendo posible deseñar e levar a cabo a proposta que se describe a continuación dunha forma axeitada e correcta atendendo ás características do centro e do propio alumnado.

Neste caso, a proxecto educativo inclusivo será levada a cabo coa aula multigrao de 3º e 4º, tendo esta unha baixa ratio (15 en total) o que permite realizar unha actividade moi centrada na experiencia de cada un/unha ao mesmo tempo que a vinculamos coa contorna xa que van participar veciñas da propia aldea, intervindo nun espazo comunitario a todos/as, facendo as explicacións nas devanditas rutas que alí se coñecen como ven a ser a do *Río Sesín*.

4. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

4.1. XUSTIFICACIÓN

Vense falando de que a escola precisa de obxectos reais que permitan ao alumnado desprazarse de xeito directo a aquilo do que se está a aprender. Neste caso o museo aporta esas carencias que se precisan polo que a colaboración é relevante. O que o Museo Etnográfico da Capela fai non se reduce a unha simple exposición de pezas penduradas das paredes ou expostas en vitrinas para que a xente as vexa, se non que cómpre atopar marcos ideais para dar testemuña da herdanza que nos legaron os nosos antecesores ben sexa dende o ámbito educativo e mesmo social. O proxecto do museo vai moito máis alá pois búscase crear un museo vivo no que participe a poboación, que sexa atractivo, suxerente, práctico e rendible, onde se poida descubrir e valorar o patrimonio cultural contactando con persoas que nos conten os seus saberes e reproduzan as súas formas de vivir e facer (coñecer a través da transmisión oral), estudiar a cultura popular, descubrir os alicerces da

nosa cultura para comprender a nosa historia e coñecer a nosa identidade entre moitos outros (García, 2005).

Este proxecto educativo inclusivo busca dar unha revalorización que recoñeza os saberes do local dende a perspectiva dos máis pequenos/as ás vivencias da casa, oficios e escola tendo en conta as anécdotas das persoas máis maiores que participarán na visita (todas elas nadas na propia contorna) polo que cabe destacar a aprendizaxe interxeracional que neste caso se vai dar estando dirixida a proposta non só aos nenos/as do colexio se non a toma a comunidade social, fomentando a interacción entre netos/as e avós/as sendo estes últimos unha fonte de coñecemento moi boa.

Este está dotado de case todas as características que fan dunha escola rural unha escola inclusiva pois como víamos no apartado 2.4., as aulas multigrao dan resposta a todas as diferenzas existentes na aula, sendo de atención global e diversificada polo que ao realizar o proxecto con alumnado de 3º e 4º estase brindando esa característica persoal de aprendizaxe colaborativo. Por outra banda, nesta proposta o contacto coa sociedade e co medio natural vai estar moi presente xa que participarán axentes externos á comunidade educativa nun espazo natural do propio concello onde o alumnado poderá ver, tocar e escoitar as experiencias doutras persoas e nas instancias reais coas que se contan sendo quen de trasladarse ao momento concreto ao que se quere chegar. Deste xeito promóvese unha aprendizaxe distinta da tradicional, expoñendo ao alumnado a uns estímulos que difiren do que están acostumados, proporcionando fontes de coñecemento vivas e reais.

4.1.1. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DO PROXECTO

Este proxecto ten como obxectivo buscar unha custodia do patrimonio popular por parte do alumnado dunha forma inclusiva que integre a todos os nenos e nenas da aula, partindo das bases que ofrece o propio patrimonio histórico e local e a partir das propias anécdotas das persoas que participaron directamente nesas experiencias. Con esta proposta trátase de coñecer na propia historia, as distintas formas de vida que se daban no século pasado tratando de entendelas como épocas nas que viviron os seus avós/as ou bisavós/as, pois actualmente esa realidade non consta na nosa vida diaria polo que se non se lle ensina aos máis pequenos/as, ese coñecemento perderase no olvido daqueles que aínda perduren. Deste modo estase a poñer en valor unha custodia mais non só do patrimonio local, se non que tamén dos valores existentes pois ao tempo que os tempos mudan e evolucionan, os valores existentes avanzan ao mesmo ritmo. Isto pode trasladarse perfectamente a situacións actuais como ven a ser a guerra que se está a librar no país ucraíno, pois a pesar de que estes/as estudantes non o vivan alí en primeira persoa, serán coñecedores/as do que está a

acontecer por medio de vídeos, fotos, experiencias doutras xentes, etc. Estes saberes implican o coñecemento dunha comunidade cara si mesma e as súas prácticas que poden volver a ter sentido en momentos históricos no porvir, xa que non estamos ó final da historia. Do mesmo xeito, cabe destacar que no currículum sempre aparece no apartado correspondente á historia, referencias ás guerras e épocas máis destacadas pero sempre nun territorio afastado do que o alumnado vive polo que, se se considera importante coñecer a historia doutros países, como non vai ser importante coñecer a propia historia do lugar no que nacemos e nos desenvolvemos?

Se nesta proposta se traballa en colaboración co museo e mesmo coas persoas maiores voluntarias do lugar, non é por outro motivo que non sexa trasladar de xeito real no tempo aos nenos/as, integrando así unha metodoloxía inclusiva, pois nas aulas adoitamos traballar con libros e libretas ou utilizando os recursos TICS mais nunca utilizamos esas fontes primarias que se poden ver e mesmo observar, ou que nos contan de primeira persoa aquilo que viviron no seu pasado. Isto ven integrado nunha aprendizaxe cooperativa que resulta nunha facilidade de inclusión pois trabállase con outras persoas complementando os saberes duns e outros.

OBXECTIVOS CURRICULARES

OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais da educación primaria recollidos no Decreto 105/2014, *de 4 de septiembre, por el que se establece el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia* que se van a traballar con esta proposta son os seguintes:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A parte dos obxectivos xerais mencionados previamente, exponse a continuación unha serie de obxectivos específicos que se esperan acadar:

A. Fomentar o interese e curiosidade polas formas de vida que se daban antigamente en diversos ámbitos.
B. Fomentar un traballo cooperativo.
C. Promover unha actitude participativa e implicativa no propio proxecto.
D. Coñecer as casas, as escolas e os oficios que se daban na infancia dos seus maiores.
E. Coñecer como antigamente as persoas utilizaban os recursos materiais que a natureza lle ofrecía sen danala.
F. Promover unha aprendizaxe interxeracional recollendo historias sobre as anécdotas e experiencias dos maiores.
G. Coñecer a historia popular da contorna así como a oferta etnográfica da Capela.
H. Coñecer o entorno natural próximo a través da realidade histórica e a sociedade da contorna.
I. Apreciar e respectar as diferentes culturas existentes.
J. Contrastar diferentes fontes de información.
K. Compoñer unha presentación de guía sobre as distintas seccións dos museos.

4.1.2. CONTIDOS

Neste caso, ao ter unha aula multigrao que integra os cursos de 3º e 4º procedemos a incluír os diferentes contidos recollidos no Decreto 105/2014, *de 4 de septiembre, por el que se establece el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia* que corresponden a cada curso, tratándoos despois de forma conxunta pois realmente é o que se está a buscar con esta proposta; o tratamento duns contidos por medio dunha práctica inclusiva (ver táboa 1 en Anexo IV).

4.1.3. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias claves traballadas transversalmente son:

Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente ao largo de toda a vida e é un instrumento para a socialización e o aproveitamento da experiencia educativa (Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2015). Esta competencia será traballada de forma fluída e indirecta no momento no que os nenos e nenas interaccionen coas persoas maiores que se acheguen ao museo e mesmo cos guías que alí estean. Así mesmo tamén será traballada no momento final onde expoñen o seu mural/presentación e fagan a reflexión final do proxecto expresando as súas opinións.

Competencia dixital (CD). A competencia dixital é aquela que implica o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Esta competencia será traballada para realizar as investigacións pertinentes e mesmo para sacar as fotos que consideren.

Aprender a aprender (CAA). Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Esta competencia trabállase durante todo o proxecto desenvolto xa que a motivación e a persistencia na aprendizaxe son continuas.

Competencias sociais e cívicas (CSC). Trátase de preparar ás persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social (Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2015). Considero que esta competencia traballase día a día en todas as materias e en todos os ámbitos da educación, integrándose de pleno nesta proposta.

Conciencia e expresións culturais (CCEC). Implica coñecer, apreciar e valorar cunha actitude aberta e respectuosa, as manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e gozo persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Para este proxecto é importante coñecer a propia cultura do alumnado xa que é da que se trata.

4.1.4. METODOLOXÍA

Esta proposta didáctica está orientada cara un enfoque *constructivista* e *socio-constructivista*. Constructivista no sentido en que a aprendizaxe se constrúe dunha forma activa, deixando de lado a memorización e repetición que dende anos se da nas aulas de primaria onde o alumnado é un suxeito pasivo que non desenvolve ningún rol no proceso da aprendizaxe. Con isto búscase fomentar o interese do alumnado integrándoo por completo no mesmo xa que se desenvolverá nas súa contorna próxima. Como consecuencia inténtase fomentar a aprendizaxe significativa, defendida por Ausubel (1963), que fala dun modelo de ensinanza-aprendizaxe baseado na comprensión da realidade a través da actitude reflexiva do alumnado por medio dun debate ou coloquio final. O enfoque constructivista fala dun proceso interno, que se realiza de maneira individual, consistente en relacionar a nova información coa que xa se tiña adquirida previamente, o que da lugar á revisión, modificación, reorganización, e diferenciación desas representacións. (Serrano y Pons, 2011). Esta metodoloxía é *socio-constructivista* no sentido de que implica aprender mediante unha interacción social ao levar a cabo a aprendizaxe interxeracional onde se interactúa coas participantes do lugar. Por este motivo, debemos adaptarnos ás características propias dos estudantes e ao seu ritmo de aprendizaxe tratando en todo momento de realizar unha proposta inclusiva que atenda á diversidade. Neste caso en concreto, o alumnado irao levando a cabo dende a primeira sesión xa que eles mesmos serán os encargados de ir construíndo o seu propio coñecemento tanto nas visitas guiadas coa información que vaian recibindo do guía coma nos relatos das persoas avellentadas que se acheguen para falar coa rapazada.

Por outra banda, esta proposta parte da saída didáctica *aos museos da Capela: Casa do Pazo, Escola de Guitiriz e Río Sesín*. As saídas escolares permiten ao alumnado interactuar co entorno e coñecelo, algo fundamental no crecemento e desenvolvemento da persoa. Así mesmo, contarase con veciñas do propio lugar de idade avanzada que colaborarán falando cos nenos e nenas, contando experiencias e anécdotas da súa infancia ou vida adulta, respondendo ás preguntas que estes lles vaian facendo fomentando deste xeito esa aprendizaxe dos máis maiores que en moitas ocasións non se lle da o valor que realmente ten (*aprendizaxe interxeracional*). Relacionar ao alumnado coas persoas maiores da comunidade para levar a cabo conxuntamente unha tarefa que ten por finalidade dar a ver un recurso ou espazo co que contan na súa localidade fomenta unha aprendizaxe significativa para os máis pequenos/as, a cal lle reporta uns coñecementos que unhas persoas de idade avanzada lle transmiten. Como podemos ver na implicación da transmisión de coñecementos non só atalla ao profesorado e alumnado que asisten a un colexio concreto pois queda demostrado que hai moitas implicacións derivadas da influencia doutros factores, nun

movemento que é á vez pedagóxico e social. O coñecemento precisa de máis recursos que o currículo oficial pois este só non pode prover das metodoloxías e aprendizaxes necesarias, polo que débese inverter na utilización do medio como recurso pedagóxico, na comunidade social e cultural, no propio alumnado e profesorado, nas familias, etc. A percepción do sentimento de pertenza mobiliza ás persoas e iso ocorre con estas intervencións. Nace unha dinámica significativa interxeracional que reúne aos avós e as avoas cos netos e coas netas, a pais e nais con fillos e fillas e mesmo a bisavós e bisavoas incluíndo se cabe, a visitantes e outras escolas. En calquera das etapas, a labor educativa e pedagóxica que inclúe a participación de varias xeracións é notable tendo como talón de fondo a participación social activa (Amiguinho, 2011).

Con esta metodoloxía o alumnado coñece cousas novas do seu contexto e mesmo da historia popular que antes non sabía podendo chegar a cambiar o seu punto de vista e fomentando o seu interese por coñecer máis da vida dos seus avós/as. Como xa se comentaba, esta proposta nacía ante a necesidade observada na aula e plasmada no diario de campo e como resposta ás entrevistas ante o descoñecemento do alumnado da súa contorna e a nula interacción dende o ámbito escolar con esta. Así, coñecen a historia da súa localidade e aquilo que cada espazo leva detrás. Esta actividade implica ao alumnado de forma moi activa e xéralles unha motivación por comprender e saber máis acerca do sitio no que viven (Blanco Pérez & López Facal, 2015). Do mesmo xeito, pódese observar como este proxecto está dotado das características que fan dunha aula/actividade ordinaria unha aula/actividade inclusiva pois como xa se mencionou, estase a traballar cunha aula multigrao a cal permite dar unha atención global e diversificada. Por outra banda, atopamos o contacto que se da coa sociedade e co medio natural pois estase traballando nun contexto ao aire libre ao tempo que se interactúa con axentes externos á comunidade educativa entre outras cousas. A inclusión está presente en todo o proceso, facendo que este proxecto atenda á diversidade de ser pois esta está presente en todas as aulas.

4.1.5. DESEÑO DAS ACTIVIDADES

A proposta parte da visita ao Museo Etnográfico da Capela que está conformado pola *Casa do Pazo, A Escola* e o *Parque Etnográfico do Sesín.* Con isto buscamos que o alumnado coñeza máis acerca da historia local e as formas de vida que se deron na etapa da infancia dos avós/as e bisavós/as (século XX) ao mesmo tempo que, durante o desprazamento que se faga andando entre un museo e outro se coñeza a contorna e as paraxes naturais nas que o alumnado crece e se desenvolve. Nestas visitas, contaremos coa participación directa de 3 mulleres de avanzada idade que accederon a ser quen de contarlles aos nenos e nenas anécdotas das súas vidas ao tempo que responden ás preguntas que estes lles formulen tal e como se pode ver na figura 1 do anexo V.

Con toda esta información que os/as nenos/as extraian, poderán proceder a realización duns murais que conteñan unha síntese e unha explicación do que cada museo ten para amosar. Tamén contarán cunha tablet que prestará o colexio para que poidan sacar fotos que posteriormente poderán meter nos murais, dando así un aspecto máis visual. Para a realización destes dividiremos aos nenos e nenas en 3 grupos de 5 integrantes, para que cada un sexa especialista dun dos tres museos que hai, polo que un grupo será o encargado de facer o mural explicativo que corresponde á *Casa do Pazo*, outro á *Escola* e o restante ao *Museo do Sesín*. Deste xeito, cada grupo especialista, unha vez feito o mural terá que expoñelo nese coloquio/debate final, dándolle a coñecer ao resto dos compañeiros/as o seu traballo. Para levar a cabo esta proposta foi preciso dividila en varias sesións onde facemos a continuación unha descrición detallada das mesmas:

ACTIVIDADE 1: INTRODUCIÓN (1 hora) (A, B, C)

Nesta sesión faise unha introdución da proposta que se vai realizar así como unha explicación da mesma. Para comezar fíxose unha explicación acerca do proxecto que se vai realizar explicando o papel que van desenvolver cada neno/a dentro do grupo do que forman parte. A continuación procedeuse a coñecer a páxina web dos museos facendo unha introdución de cada un así como das cousas que nos ían amosar para poder ir cun coñecemento previo. Como inicio da proposta pasouse a facer unha pequena reflexión sobre o que eles/as coñecen sobre a historia local e a historia dos seus avós e avoas, dándolles a ver a importancia que isto ten para o coñecemento e a transmisión das futuras xeracións pois son eles e elas os adultos do futuro que serán os encargados de espallalo.

Para isto, fixemos os 3 grupos mencionados, formándoos entre a titora e máis eu para que foran equilibrados namentres que, os museos eran elixidos ao azar. Unha vez feito isto explicase a metodoloxía da actividade e o material que será necesario utilizar como é o caso das fichas de recollida de información (Anexo VI) que cubrirán por grupos expoñendo nelas as preguntas relacionadas co museo que lles tocou para realizárllelas a esas persoas de avanzada idade que estarán na visita á *Casa do Pazo*. Nesta actividade tamén comezan a planificar o traballo así como a ter en conta as fontes que poden empregar como son as anécdotas que poden preguntar non só as señoras que participan na proposta de forma directa se non tamén aos seus maiores que sen lugar a dúbida son as máis fortes e enriquecedoras, etc.

ACTIVIDADE 2: VISITA Á CASA DO PAZO E AO SESÍN (toda a xornada lectiva) (A, B, C, D, E, F, G, H, I)

Esta actividade ocupa toda a xornada lectiva por ser unha saída didáctica que se fai a pé dende que se sae do colexio, agrupando ámbolos dous museos por atoparse próximos entre si:

- 9:30h → saída do colexio. Saímos do colexio en dirección á *Casa do Pazo*. Unha vez alí prepárase ao grupo para comezar a visita polas súas instalacións.
- 10:00h→ visita á *Casa do Pazo*. Cando o grupo está preparado o guía comeza a visita guiada, falando co alumnado e mesmo co profesorado acompañante.
- 11:15h→ encontro coas veciñas do lugar para interactuar co alumnado. Unha vez finalizada a visita, pasamos a un espazo no cal facemos un círculo e aproveitamos para levar a cabo ese aprendizaxe interxeracional do que se leva falando e o que xa se explicou previamente.
- 12:00h→ saída cara o *río Sesín* facendo unha pequena ruta pola contorna natural. Sáese da *Casa do Pazo* e, durante o traxecto, aproveitase para facer unha pequena ruta que permita ver e coñecer diversos espazos agochados no medio da natureza, os cales non son coñecidos pola meirande parte do alumnado. Unha vez no parque etnográfico, prepárase ao grupo para comezar coa visita.
- 13:30→ volta ao colexio. Unha vez finalizada a visita no *río Sesín* disponse ao grupo para emprender o camiño de volta ao colexio.

ACTIVIDADE 3: VISITA Á ESCOLA (2 horas e media) (A, B, C, D, I)

A visita á escola ocupa menos da metade da xornada lectiva por ser un único edificio a amosar. Ao igual que a anterior a planificación está feita en base a disposición do guía do museo así como as necesidades da titora e alumnado:

- 12:00h→ saída do colexio. Sáese do colexio en dirección á escola.
- 12:30→ visita á escola. Unha vez nas instalación, prepárase ao grupo para comezar coa visita guiada.
- 13:30→ saída para o colexio. Unha vez rematada disponse ao grupo para retornar ao colexio.
- 14:00→ síntese na aula de todo o visto e aprendido nas diversas saídas. Unha vez realizadas todas as saídas de campo programadas para este proxecto educativo, pásase a realizar unha pequena asemblea que permita facer un percorrido polas diversas paraxes e épocas que se foron descubrindo, reforzando así os coñecementos e experiencias adquiridas.

ACTIVIDADE 4: MURAIS (6 sesións de aula) (A, B, C, I, J, K)

Para a realización dos murais é preciso empregar varias sesións as cales son divididas en dous días tal e como se pode ver na temporalización da proposta. Para isto, utilízase parte das fotos que cada grupo sacou coa tablet que levamos do colexio como complemento visual do mural. A súa utilización é voluntaria pois para a realización dos murais non hai normas expresas permitindo así ao grupo sacar a creatividade e permitirlles gozar da autonomía e da capacidade de organización precisa. O docente neste caso queda relegado a moderar no caso de que algún grupo precise da súa axuda ou orientación. O obxectivo dos murais é plasmar o coñecemento/información que o grupo sacou das diversas visitas e charlas interactivas organizándoas en función do criterio seleccionado. Esta práctica promove moito a autonomía dos nenos e nenas e é unha boa forma de que traballen en equipo, complementándose uns a outros.

ACTIVIDADE 5: PRESENTACIÓNS E COLOQUIO FINAL (1 hora e media) (A, B, C, D, E, I, K)

Unha vez feitos os murais pásase á súa exposición para toda a clase, facendo así unha síntese ou coloquio final onde todos/as participan expoñendo así as reflexións que extraen de todo este traballo. As probas escritas non son os únicos métodos de avaliación pois neste caso avalíase mentres se fai, durante todo o proceso quedando reflexadas as ideas nos citados murais os cales son colgados nas paredes do colexio tal e como se pode ver na figura 2 do anexo VII.

Para rematar, e como método de mellorar a proposta, proporciónaselle ao alumnado unha ficha para que completen coa opinión e avaliación que fan da actividade, permitíndome a min coñecer as opinións e a utilidade que os nenos e nenas poden sacar dela e adaptándoa en función dos cambios e necesidades que pode precisar para a súa mellor posta en práctica. A maiores, nese coloquio final faise unha asamblea na cal se expoñen as diferentes ideas e opinións que se teñen do proxecto.

4.1.6. TEMPORALIZACIÓN

A proposta formulada foi levada a cabo no mes de marzo, concretamente na semana do 21 por estar dedicada aos ríos e montes.

Táboa 2.

Temporalización do proxecto

MES DE MARZO						
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21 ACTIVIDADE 1: Introdución da proposta (13:30-14:30)	22 ACTIVIDADE 2: Visita á Casa do Pazo e ao Sesín (9:30-14:30)	23 ACTIVIDADE 3: Visita á Escola (12:00-14:30)	24	25 ACTIVIDADE 4: Inicio dos murais (9:30-12:00)	26	27
28 ACTIVIDADE 4: Rematar murais (12:30-14:30)	29 ACTIVIDADE 5: Presentación murais e coloquio final (9:30-11:00)	30	31			

4.1.7. AVALIACIÓN

De acordo coas bases deste proxecto, trátase de guiar ao alumnado na capacidade de aprender a historia dende as bases que lle ofrece o seu patrimonio histórico local e dende diferentes perspectivas, neste caso as formas de vida. Así mesmo terase en conta todo o proceso de aprendizaxe do alumnado sendo así unha avaliación continua e observacional fixándose no interese e traballo de cada alumno/a de xeito individual como colectivo por medio das experiencias vividas así como as notas que se foron tomando, tendo en conta a presentación final e a actitude que se amosa no seu procedemento.

A avaliación do alumnado será observacional e verase reflexado o seu aprendizaxe nun mural que se realizará por parte dos mesmos para expoñer nas paredes/corredoiras do colexio, dando a coñecer ao resto do alumnado a actividade realizada e buscando que xurda a curiosidade dende os máis pequenos/as ata os máis grandes a necesidade de coñecer en maior profundidade o tratado en dita propostas, fomentando a posibilidade de comunicación cos avós e avoas xa que son as persoas que máis de cerca viviron as experiencias a contar. Por outra banda, tamén se realizará un coloquio/debate final para expoñer as sínteses que saca cada neno/a do realizado, analizando de forma grupal a reflexión final e a propia

experiencia de cada un na realización da práctica fomentando así a avaliación da propia proposta dándolles a maiores un cuestionario (ver táboa 3 en Anexo VIII) para que completen en base á súa experiencia e a finalidade que para eles tivo o proxecto. Con isto terei unhas opinións sobre a posta en práctica para analizar os resultados obtidos e proceder a deseñar unha proposta mellorada de cara as xeracións seguintes.

4.1.7.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Rúbrica de observación: Como se comentaba previamente, o obxectivo deste proxecto baseábase principalmente no coñecemento e custodia do patrimonio popular por parte do alumnado a partir do patrimonio histórico e local que hai recollido nos espazos e memorias das xentes da Capela. En base a isto e aos obxectivos específicos que se presentaron, elabóranse uns indicadores que permitan avaliar en que medida se cumpriron ou non eses obxectivos sendo 5 a puntuación máis (cumpriuse na súa totalidade) alta e 1 a máis baixa (non se cumpriu) (ver táboa 4 en Anexo IX).

- Fichas das crianzas: Para coñecer de forma anónima a experiencia e a satisfacción do alumnado coa proposta, fíxoselle entrega dun cuestionario de 12 ítems que permiten achegarse á perspectiva que estes/as tiveron e ás opinións que se formaron con respecto á mesma (ver táboa 3 en Anexo VIII).

- Coavaliación cos participantes: docentes, museo e persoas maiores: Rematada a proposta de intervención realizouse unha asemblea informal con todos os participantes na cal se expuxeron as diversas opinións sobre a realización e resultados sobre ditas actividades, quedando rexistradas unhas notas sobre as conclusións ás que se foron chegando. En xeral, as argumentacións e opinións son satisfactorias quedando reflexada para futuros cursos e mesmo para trasladar a outras escolas. En canto ás persoas maiores participantes, a ledicia sentida polo feito de ser escoitadas polas novas xeracións permitindo así que a súa vida non caía no olvido supón unha nova perspectiva sobre o que se debe facer co coñecemento que se vai arraigando nas distintas xeracións que polo mundo van pasando.

5. RESULTADOS DE AVALIACIÓN

Despois de realizar a proposta no colexio citado, cabe destacar que os obxectivos que se propoñían acadar foron logrados con éxito pois na realización da proposta púidose comprobar de primeira man como nenos/as que habitualmente na aula andan máis dispersos, foron quen de participar na súa totalidade na realización das tarefas propostas. De feito, unha das mestras que nos acompañou neste proceso resaltou o caso dun neno que na clase adoita estar máis distraído sen participar nas actividades que se propoñen cando neste proxecto a súa participación foi do 100%, mostrando interese e mesmo realizando todas as preguntas

que lle xurdían a medida que as horas ían pasando. Non foi este o único caso que amosou que a proposta foi inclusiva e mesmo interesante pois mediante a observación, puidemos comprobar o interese que todos/as amosaban nas diferentes visitas e mesmo nas interaccións coas voluntarias do lugar que sen dúbida foron moi produtivas, xa que a maiores das preguntas que os/as nenos/as realizaron na aula, xurdiron moitas outras no propio lugar que estes/as foron lanzando a medida que se ía avanzando.

Do mesmo xeito, todos os/as nenos/as quedaron moi satisfeitos co proxecto realizado, solicitando que se propoñan máis actividades deste tipo pois realmente é a maneira na que mellor se aprende integrando a todo un grupo con todas as súas diferenzas nunha mesma actividade que realizan de forma conxunta. Igualmente, as participantes do lugar quedaron moi satisfeitas por poder transmitir aos máis pequenos/as esas vivenzas propias que difiren moito das que hoxe en día se dan na infancia, permitindo así realizar unha transmisión e posta en valor da memoria popular e do patrimonio cultural, pois sei de boa tinta que o alumnado marchou para a casa cunha morea de preguntas gardadas no peto, dispostos a realizárllelas aos seus familiares de avanzada idade poñendo aínda máis en valor se cabe todas as aprendizaxes realizadas nestes días de proxecto.

En base aos indicadores reflexados así como cos cuestionarios entregados, pódese chegar a unha reflexión que permite afirmar o feito de que no referente á aprendizaxe activa e colaborativa acadouse un moi bo nivel no que a isto se refire. Do mesmo xeito ocorre co resto que se presentan pois mediante a aprendizaxe interxeracional estase a promover un coñecemento de historia popular local, integrando en todo momento ao alumnado que conforma o grupo. Grazas á coavaliación cos participantes, fíxose unha pequena valoración do acadado con dito proxecto, sendo esta moi positiva tanto para o alumnado participante coma para os axentes implicados, quedando aberta posibles participacións para as futuras xeracións.

6. CONCLUSIÓN

Comezábase este traballo comentando que o medio rural está sendo moi estigmatizado polo discurso público pola falta de servizos básicos entre outras cousas. Este pensamento adoita estar moi afincado na mente das persoas e sen embargo, coa realización deste proxecto, comézase a esclarecer eses estereotipos que se foron formando de forma errónea. Despois de todo o visto e feito, pódese afirmar e mesmo xustificar que non todo o que se escoita ou se pensa é certo pois a base das estigmatizacións comentadas comezaron a derruírse.

Coa posta en práctica do proxecto educativo púidose observar diferentes aspectos que fan destes espazos un lugar favorecedor para as crianzas e mesmo para toda a comunidade polo que esta é simplemente unha desas sementes encamiñadas a seguir repoboando a paisaxe natural das árbores que sempre deberon estar aí, chegando a poder devolver todo o esplendor que por correspondencia é seu. Esta non é máis ca unha pequena aportación de cara a todo un mundo cheo de posibilidades reais, tendo aínda moito camiño por andar e percorrer pero que non se dubida de que se chegará ata o final.

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Abós Olivares, P., Boix Tomas, R., Domingo Peñafiel, L., Lorenzo Lacruz, J. y Rubio Terrado, P. (2020). *El reto de la escuela rural: Hacer visible lo invisible*. Grao.

Amiguinho, A. (2011). La escuela en el medio rural: educación y desarrollo local. *Profesorado. Revista de Currículum y Formación de Profesorado*, *15* (2), 25-37.

Araque Hontangas, N. y Barrio de la Puente, J. L. (2010). Atención a la diversidad y desarrollo de procesos educativos inclusivos. *Prismasocial,* (4), 1-37. https://www.redalyc.org/pdf/3537/353744577013.pdf

Armas Quintá, F. X. e Macía Arce, X. C. (2017). Reflexiones acerca de la delimitación y definición del medio rural. Diseño de un índice de ruralidad para Galicia. *Finisterra. Revista Portuguesa de Geografía, (52*), 85-101.

Bell Rodríguez, R., Illán Romeu, N. y Benito Martínez, J. (2010). Familia - Escuela - Comunidad: pilares para la inclusión. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 24* (3), 47-57. https://www.redalyc.org/pdf/274/27419173004.pdf

Bernal Agudo, J. L. (2009). *Luces y sombras en la escuela rural*. Zaragoza: UNIZAR. Comunicação proferida nas Jornadas Recuperado de http://didac.unizar.es/jlbernal/curriculum_en_contextos%20_diversos/pdf/40_escrural.pdf

Bernal Martínez, J. M. (2012). De las escuelas al aire libre a las aulas de la naturaleza. *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, (20), 171–182. https://revistas.um.es/areas/article/view/144721

Blanco Pérez, A. & López Facal, R. (2015). Paisaje y patrimonio en la educación primaria. Un proyecto interdisciplinar alrededor de una salida escolar. En A. M. Hernández Carretero, C. R. García Ruíz y J. L. de la Montaña Conchiña (Eds.), *Una enseñanza*

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

CONSENTIMENTO INFORMADO

Entrevista para o Traballo Fin de Grao

"Educación inclusiva no rural. Implicación da contorna na aprendizaxe do alumnado"

Propósito da entrevista:

O obxectivo da entrevista é coñecer as crenzas ou opinións que estas entidades teñen acerca da escola rural así como ver as posibilidades que teñen para a colaboración coa a escola a través da perspectiva dos responsables tendo en conta unha colaboración inclusiva.

Información sobre a intervención:

O participante será o/a protagonista dunha entrevista semi-estruturada contando con preguntas abertas e neutrais sobre o tema a tratar, tendo que expor o que se pense/opine en cada caso. Esta será levada a cabo nunha soa sesión o día martes 1 de marzo ás 17:00h na sede do Museo Etnográfico da Capela (A Casa do Pazo).

Información sobre voluntariedade e dereito de revogación:

A persoa entrevistada é voluntaria na realización da entrevista. Alén diso, ten dereito a revogala a posterior do seu consentimento e o dereito a elixir que facer cos datos obtidos ata ese momento, é dicir, a destrución ou a facer os datos anónimos.

Destino dos datos obtidos:

A información obtida a través da entrevista será analizada para extraer datos relevantes para o Traballo de Fin de Grao. Unha vez rematado dito traballo, a información quedará recollida nos servidores da USC, sendo custodiada pola propia entrevistadora e polo titor da mesma na súa materia *Traballo Fin de Grao*.

Identificación da persoa que informa:

Lucía Varela Rodríguez, alumna da materia *Traballo Fin de Grao,* do Grao en Mestre/a en Educación Primaria, da Universidade de Santiago de Compostela.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

- [x] Confirmo que lin e entendín o documento informativo que precede a este formulario, e que tiven a oportunidade de formular preguntas e dúbidas relativas ao mesmo.

- [x] Confirmo que recibín respostas e aclaracións satisfactorias ás miñas preguntas.

- [x] Entendo que son libre de abandonar o estudo en calquera momento, sen necesidade de explicar as razóns do meu abandono e sen ningún tipo de consecuencias para min.

- [x] Entendo que este estudo non ten finalidade diagnóstica, polo que non recibirei un informe individualizado dos meus resultados nas probas.

- [x] Consinto en participar no estudo arriba indicado.

- [x] Consinto que a información recollida nesta investigación poida ser empregada, con garantía do meu anonimato, en traballos futuros da mesma liña de investigación e en traballos académicos de estudantes.

A/O entrevistada/o:	**A entrevistadora:**
Data: 1/03/2022	Data: 1/03/2022
Sinatura: 	Sinatura: 
Nome: Abel Fraga Ferreira	Nome: Lucía Varela Rodríguez

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

CONSENTIMENTO INFORMADO

Entrevista para o Traballo Fin de Grao

"Educación inclusiva no rural. Implicación da contorna na aprendizaxe do alumnado"

Propósito da entrevista:

O obxectivo da entrevista é coñecer as crenzas ou opinións que estas entidades teñen acerca da escola rural así como ver as posibilidades que teñen para a colaboración coa a escola a través da perspectiva dos responsables tendo en conta unha colaboración inclusiva.

Información sobre a intervención:

O participante será o/a protagonista dunha entrevista semi-estruturada contando con preguntas abertas e neutrais sobre o tema a tratar, tendo que expor o que se pense/opine en cada caso. Esta será levada a cabo nunha soa sesión o día domingo 13 de marzo ás 16h na sede do Museo Etnográfico da Capela (A Casa do Pazo).

Información sobre voluntariedade e dereito de revogación:

A persoa entrevistada é voluntaria na realización da entrevista. Alén diso, ten dereito a revogala a posterior do seu consentimento e o dereito a elixir que facer cos datos obtidos ata ese momento, é dicir, a destrución ou a facer os datos anónimos.

Destino dos datos obtidos:

A información obtida a través da entrevista será analizada para extraer datos relevantes para o Traballo de Fin de Grao. Unha vez rematado dito traballo, a información quedará recollida nos servidores da USC, sendo custodiada pola propia entrevistadora e polo titor da mesma na súa materia *Traballo Fin de Grao*.

Identificación da persoa que informa:

Lucía Varela Rodríguez, alumna da materia *Traballo Fin de Grao,* do Grao en Mestre/a en Educación Primaria, da Universidade de Santiago de Compostela.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

- ☒ Confirmo que lin e entendín o documento informativo que precede a este formulario, e que tiven a oportunidade de formular preguntas e dúbidas relativas ao mesmo.
- ☒ Confirmo que recibín respostas e aclaracións satisfactorias ás miñas preguntas.
- ☒ Entendo que son libre de abandonar o estudo en calquera momento, sen necesidade de explicar as razóns do meu abandono e sen ningún tipo de consecuencias para min.
- ☒ Entendo que este estudo non ten finalidade diagnóstica, polo que non recibirei un informe individualizado dos meus resultados nas probas.
- ☒ Consinto en participar no estudo arriba indicado.
- ☒ Consinto que a información recollida nesta investigación poida ser empregada, con garantía do meu anonimato, en traballos futuros da mesma liña de investigación e en traballos académicos de estudantes.

A/O entrevistada/o:	**A entrevistadora:**
Data: 13/03/2022	Data: 13/03/2022
Sinatura:	Sinatura: 
Nome: Secundino García Mera	Nome: Lucía Varela Rodríguez

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

CONSENTIMENTO INFORMADO

Entrevista para o Traballo Fin de Grao

"Educación inclusiva no rural. Implicación da contorna na aprendizaxe do alumnado"

Propósito da entrevista:

O obxectivo da entrevista é coñecer as crenzas ou opinións que estas entidades teñen acerca da escola rural así como ver as posibilidades que teñen para a colaboración coa a escola a través da perspectiva dos responsables tendo en conta unha colaboración inclusiva.

Información sobre a intervención:

O participante será o/a protagonista dunha entrevista semi-estruturada contando con preguntas abertas e neutrais sobre o tema a tratar, tendo que expor o que se pense/opine en cada caso. Esta será levada a cabo nunha soa sesión o día venres 4 de marzo ás 17:30h en Ferrol.

Información sobre voluntariedade e dereito de revogación:

A persoa entrevistada é voluntaria na realización da entrevista. Alén diso, ten dereito a revogala a posterior do seu consentimento e o dereito a elixir que facer cos datos obtidos ata ese momento, é dicir, a destrución ou a facer os datos anónimos.

Destino dos datos obtidos:

A información obtida a través da entrevista será analizada para extraer datos relevantes para o Traballo de Fin de Grao. Unha vez rematado dito traballo, a información quedará recollida nos servidores da USC, sendo custodiada pola propia entrevistadora e polo titor da mesma na súa materia *Traballo Fin de Grao*.

Identificación da persoa que informa:

Lucía Varela Rodríguez, alumna da materia *Traballo Fin de Grao,* do Grao en Mestre/a en Educación Primaria, da Universidade de Santiago de Compostela.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

- [x] Confirmo que lin e entendín o documento informativo que precede a este formulario, e que tiven a oportunidade de formular preguntas e dúbidas relativas ao mesmo.

- [x] Confirmo que recibín respostas e aclaracións satisfactorias ás miñas preguntas.

- [x] Entendo que son libre de abandonar o estudo en calquera momento, sen necesidade de explicar as razóns do meu abandono e sen ningún tipo de consecuencias para min.

- [x] Entendo que este estudo non ten finalidade diagnóstica, polo que non recibirei un informe individualizado dos meus resultados nas probas.

- [x] Consinto en participar no estudo arriba indicado.

- [x] Consinto que a información recollida nesta investigación poida ser empregada, con garantía do meu anonimato, en traballos futuros da mesma liña de investigación e en traballos académicos de estudantes.

A/O entrevistada/o:	**A entrevistadora:**
Data: 27/02/2022	Data: 4/03/2022
Sinatura:	Sinatura:
Nome: Andrés Santalla López	Nome: Lucía Varela Rodríguez

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

CONSENTIMENTO INFORMADO

Entrevista para o Traballo Fin de Grao

"Educación inclusiva no rural. Implicación da contorna na aprendizaxe do alumnado"

Propósito da entrevista:

O obxectivo da entrevista é coñecer as crenzas ou opinións que estas entidades teñen acerca da escola rural así como ver as posibilidades que teñen para a colaboración coa a escola a través da perspectiva dos responsables tendo en conta unha colaboración inclusiva.

Información sobre a intervención:

O participante será o/a protagonista dunha entrevista semi-estruturada contando con preguntas abertas e neutrais sobre o tema a tratar, tendo que expor o que se pense/opine en cada caso. Esta será levada a cabo nunha soa sesión o día mércores 2 de marzo ás 12:30h vía telemática.

Información sobre voluntariedade e dereito de revogación:

A persoa entrevistada é voluntaria na realización da entrevista. Alén diso, ten dereito a revogala a posterior do seu consentimento e o dereito a elixir que facer cos datos obtidos ata ese momento, é dicir, a destrución ou a facer os datos anónimos.

Destino dos datos obtidos:

A información obtida a través da entrevista será analizada para extraer datos relevantes para o Traballo de Fin de Grao. Unha vez rematado dito traballo, a información quedará recollida nos servidores da USC, sendo custodiada pola propia entrevistadora e polo titor da mesma na súa materia *Traballo Fin de Grao*.

Identificación da persoa que informa:

Lucía Varela Rodríguez, alumna da materia *Traballo Fin de Grao,* do Grao en Mestre/a en Educación Primaria, da Universidade de Santiago de Compostela.

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

- [x] Confirmo que lin e entendín o documento informativo que precede a este formulario, e que tiven a oportunidade de formular preguntas e dúbidas relativas ao mesmo.

- [x] Confirmo que recibín respostas e aclaracións satisfactorias ás miñas preguntas.

- [x] Entendo que son libre de abandonar o estudo en calquera momento, sen necesidade de explicar as razóns do meu abandono e sen ningún tipo de consecuencias para min.

- [x] Entendo que este estudo non ten finalidade diagnóstica, polo que non recibirei un informe individualizado dos meus resultados nas probas.

- [x] Consinto en participar no estudo arriba indicado.

- [x] Consinto que a información recollida nesta investigación poida ser empregada, con garantía do meu anonimato, en traballos futuros da mesma liña de investigación e en traballos académicos de estudantes.

A/O entrevistada/o:	**A entrevistadora:**
Data: 2 de marzo de 2022	Data: 2 de marzo de 2022
Sinatura: Vanesa Castro	Sinatura:
Nome: Vanesa Castro López	Nome: Lucía Varela Rodríguez

ANEXO III. ENTREVISTA ABEL FRAGA

Para acceder á entrevista pincha aquí.

ANEXO IV. CONTIDOS TRABALLADOS

Táboa 1.

Contidos traballados

CIENCIAS SOCIAIS	
TERCEIRO	**CUARTO**
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS	
B1.3.Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusión.	B1.2.Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA	
B2.13.A intervención humana no medio próximo. A contaminación atmosférica e o cambio climático. Desenvolvemento sostible e consumo responsable.	B2.18.A intervención humana no medio.
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE	
B3.2.Manifestacións culturais e lingüísticas de Galicia.	
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO	
B4.1. As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo. B4.5.Vestixios do pasado localizados na contorna próxima como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual. Os petróglifos e a arquitectura megalítica, castrexa e medieval. B4.6.O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos.	B4.2.As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura. B4.7.Noso patrimonio histórico e cultural. B4.8.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo.
LINGUA GALEGA	
TERCEIRO	**CUARTO**

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	
B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase). B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas. B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados). B1.8. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. B1.9. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates). B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados). B1.8. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais. B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR	
B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. B3.5. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics. B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía). B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.	B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións). B3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a

	comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido. B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

ANEXO V. XUNTANZA COAS VECIÑAS DO LUGAR

Figura 1.

Xuntanza interxeracional

ANEXO VI. FICHAS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

O MEU GRUPO: ……..

O MUSEO ELIXIDO É: ……...

PREGUNTAS PARA FACER E COÑECER:

- ……..
- ……..
- ……..
- ……..
- ……..

DATOS IMPORTANTES:

……

……

……

……

……

…….

RECORDADE SACAR FOTOS E APRENDER MOITO!!!!



ANEXO VII. MURAIS EXPOSTOS NO COLEXIO

Figura 2

Murais en exposición

ANEXO VIII. AVALIACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO ALUMNADO

Táboa 3.

Cuestionario para o alumnado

CUESTIONARIO	SÍ	NON
1. Aprendín moitas cousas na visita ao museo.		
2. Pareceume moi interesante todo o visto e o relatado.		
3. Adquirín un novo punto de vista sobre o que a vida é en xeral.		
4. Aprendín cousas que antes descoñecía.		
5. Grazas a isto, coñezo máis sobre a contorna na que vivo e a súa historia popular.		
6. Coñezo máis sobre a contorna natural na que vivo.		
7. Coñezo as formas de vida que se daban antigamente e sei comparalas coas diferenzas que hai a día de hoxe.		
8. Considero fundamental falar coas persoas maiores para aprender de todo o que me contan sobre as súas vivencias.		
9. A forma de aprender foi moi divertida.		
10. Pareceume interesante a proposta e gustoume o seu desenvolvemento.		

11. Paseino moi ben.		
12. Quedei con dúbidas.		
OBSERVACIÓNS. Da a túa opinión en xeral sobre o proxecto. Cambiarías algo?		

ANEXO IX. TÁBOA DE INDICADORES

Táboa 4.

Indicadores de avaliación

INDICADORES	1	2	3	4	5
APRENDIZAXE ACTIVA E COLABORATIVA					
O alumnado interesase e fíxase nos lugares polos que pasamos.					X
As crianzas fan preguntas e teñen unha actitude de escoita activa.				X	
O alumnado traballa conxuntamente axudándose na resolución dos problemas/dúbidas que vaian xurdindo.					X
HISTORIA POPULAR					
Promóvese un coñecemento sobre o patrimonio popular e os espazos dos que se dispoñían entre o alumnado.					X
O alumnado mostra interese polos espazos visitados e recolle a información que nestes se promulga.				X	
APRENDIZAXE INTERXERACIONAL					
Dáse unha adecuada interacción entre as persoas maiores e as crianzas.					X
Trasládase de xeito correcto ás experiencias a amosar.					X
Os/As nenos/as contrastan a información recadada na saída coas anécdotas que lles contan os maiores da casa.				X	
RESPETO FRONTE A OUTRAS COSTUMES					
O alumnado respecta as culturas que nestes espazos se recollen.					X
RESULTADOS					
Os murais realizados recollen unha síntese do que aprenderon.					X

O alumnado preserva o patrimonio popular en base as explicacións que dan.					X
INCLUSIÓN					
O proxecto integra a todo o alumnado participante sen facer diferencias de ningún tipo.					X